Baixo o mandato do anterior goberno do Partido Popular o diálogo e o consenso eran os dous piares sobre os que se sustentaba o traballo do Ministerio de Educación, pero observamos como agora, co goberno socialista o diálogo e consenso desaparecen e vólvese á senda da imposición e do oscurantismo, substituíndo os intereses da comunidade educativa polos intereses do partido na Moncloa.

Ante este panorama, parece que o camiño que se está a iniciar por parte do goberno de Pedro Sánchez non se dirixe cara a construción dun sistema educativo de futuro se non que, máis ben, parece camiñar cara atrás obviando as novas realidades á que ten que facer fronte a educación no século XXI.

Un sistema educativo de futuro ten que perseguir a excelencia tendo sempre presente que o futuro é innovación, plurilingüismo, novas tecnoloxías, creatividade, competencias científico-técnicas, igualdade de oportunidades e inclusión.
Polo tanto cómpre manter un diálogo fluído coas comunidades autónomas, que son as competentes en materia educativa, e co conxunto da comunidade educativa, para que os pasos que se vaian dando conten con un consenso amplo e garanten que estamos a camiñar pola senda que nos trazan as esixencias da sociedade actual.

Polo anteriormente exposto, dende o Grupo Parlamentario Popular, formulamos a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 12:33
Nº Rexistro: 35652
Data envio: 03/09/2018 12:33:13.079

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, en defensa do ensino galego, se dirixa ao Goberno do Estado para solicitar:

1) Que se retome a senda do pacto educativo iniciada baixo o Goberno do Partido Popular a través do traballo realizado pola subcomisión parlamentaria e outras institucións, como o Senado ou o Consejo Escolar, para a elaboración dun pacto social e político pola educación en España.

2) Que se respecte o marco competencial de tal xeito que calquera medida que se queira impulsar dende o Ministerio de Educación e que afecte á estrutura organizativa do sistema educativo en cada Autonomía vaia acompañada de financiamento estatal real e que permita a súa posta en marcha con garantías."

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/09/2018 12:29:44

César Manuel Fernández Gil na data 03/09/2018 12:29:54

Maria Antón Vilasánchez na data 03/09/2018 12:29:56

Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2018 12:30:03

Carlos Gómez Salgado na data 03/09/2018 12:30:13

María Isabel Novo Fariña na data 03/09/2018 12:30:28

Antonio Mouriño Villar na data 03/09/2018 12:30:38

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/09/2018 12:30:47

Martín Fernández Prado na data 03/09/2018 12:30:50

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 12:33
Nº Rexistro: 35654
Data envio: 03/09/2018 12:33:30.657

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao desenvolvemento do Proxecto Integrador da estación Intermodal de Ourense, a súa afectación ao centro de saúde da Ponte e as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A intermodal de Ourense é unha débeda histórica lonxe de cumprirse en condicións. Dentro da longa historia da cidade de Ourense coas débedas pendentes para coa modernización do ferrocarril e a adaptación das instalacións da cidade, o proxecto do que deberá ser a futura estación integrada para o transporte de ferrocarril ten sido un dos maiores protagonistas.

Xa na altura de outubro de 2009 o Bloque Nacionalista Galego presentou alegacións ao estudo informativo sobre a "Integración urbana e acondicionamento da rede ferroviaria de Ourense", na que expuña diversas consideracións sobre os piares que debera guiar esa ou calquera outra planificación. Entre as liñas mestras para o desenvolvemento do proxecto salientaba a consideración de que a traza definitiva da rede de Alta Velocidade debería ser extremadamente cautelosa coa trama urbana na que se pretende integrar, así como respectuosa co valor ambiental, paisaxístico e patrimonial existente, toda vez que o impacto destas obras públicas de gran magnitude son

116607

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 12:33
Nº Rexistro: 35654
Data envio: 03/09/2018 12:33:30.657

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

practicamente imperecedoiros. Así mesmo, insistíase en que o histórico barrio da Ponte, onde está actualmente a Estación Ourense-Empalme, que sería transformada na nova terminal, padecera unha segregación territorial ocasionada por esta infraestrutura, debido a amplitude das praias de vías e instalación de carga, descarga e operacións de viaxeiros e mercadorías. Polo tanto, a nova estación debera converterse en terminal intermodal, coa parte de acceso ás plataformas baixo superficie e co soterramento das vías nesta zona.

En congruencia co exposto, na altura foi solicitado a través de diversas alegacións e e institucións o deseño dunha traza definitiva que minimizase o impacto ambiental, paisaxístico e sobre o patrimonio existente, e se adoptasen as medidas correctoras necesarias para evitar esta afección tanto durante o proceso de construción como posterior. Porén, máis adiante no tempo, xa no 2011, despois da presentación do que ía ser a futura estación do AVE puido constarse a inexistencia dun proxecto que dera saída a estas consideracións. De forma especial, o proxecto continuaba sen dar unha alternativa para o principal problema: a histórica división dos barrios da Ponte e do Vinteún, e polo tanto a permeabilidade. Lamentabelmente, despois de anos de atrasos e incumprimentos coa cidade, en xuño de 2017 puido coñecerse unha nova proposta que tampouco supuña un avance cualitativo das necesidades existentes, diante da que o Bloque Nacionalista Galego alegou, do mesmo xeito que outras organizacións políticas e mesmo o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG). Porén, nin unha soa das múltiples alegacións dos diferentes axentes mereceron o diálogo ou a atención do Partido Popular.

Unha das cuestións máis preocupantes era e é a afectación ao centro de Saúde da Ponte, convertido nunha especie de rotonda e renunciando pola vía dos feitos a futuras ampliacións, melloras dos accesos ou a habilitar espazos para deixar as persoas doentes nunha zona de moito tráfico.

116608

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 12:33
Nº Rexistro: 35654
Data envio: 03/09/2018 12:33:30.657

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a levar a cabo as actuacións necesarias en colaboración coas demais administracións implicadas para adaptar o proxecto de Intermodal de Ourense de modo que se evite a afectación negativa ao centro de Saúde da Ponte destinando os recursos económicos necesarios."

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 12:29:52

116609

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 12:33
Nº Rexistro: 35654
Data envio: 03/09/2018 12:33:30.657

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 12:29:57

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 12:29:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 12:30:01

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 12:30:02

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 12:30:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 12:56
Nº Rexistro: 35664
Data envio: 03/09/2018 12:56:26.829

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A mediados do mes de agosto, unha veciña do Concello de A Estrada tiña que ser hospitalizada de urxencia e operada polo brutal ataque feito por un grupo de cinco cans. A muller, de avanzada idade, sufriu graves feridas na cabeza, pescozo, pés e brazos. Os cans son propiedade dun veciño da zona e campan sen control pola aldea dende o ano 2016 – o mesmo propietario recoñeceu publicamente que "viven en manada e liberdade" –, nunha finca duns 5.000 m².

Dende hai varios anos, os veciños puxeron denuncias ante o SEPRONA polo medo e porque eses cans xa mataran a varios animais da aldea, e o SEPRONA trasladou informes á Consellería de Medio Ambiente e ao Concello de A Estrada, mais ningún deles moveu nin un papel e botan balóns fóra. Agora o asunto está nun dos Xulgados de Instrución da localidade.

Segundo informacións do propio Concello, polo menos un destes cans é de raza potencialmente perigosa, mais o propietario negouse a entregalo e a facilitar a entrada no seu domicilio e na finca aos axentes do SEPRONA. "*No fue tan grave como parece pero está claro que la culpa es mía. Se me escaparon por debajo del alambre. La finca es muy grande y muchas zonas solo tienen alambre. Los perros escarban y terminan pasando por debajo. Esta vez la vieron venir y fueron a por ella*", dixo aos medios de comunicación.

Dende o día 3 de xaneiro deste ano, Galicia ten unha lei de Protección e Benestar dos Animais de Compañía (lei 4/2017, de 3 de outubro), que establece multitude de obrigas para os propietarios de animais e de cans de razas potencialmente perigosas, para os Concellos e para a propia Consellería de Medio Ambiente, que son os competentes en materia sancionadora.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 12:56
Nº Rexistro: 35664
Data envio: 03/09/2018 12:56:26.829

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta ao Goberno da Xunta de Galicia a cumprir, na súa totalidade, a lei de Protección e Benestar dos Animais de Compañía (lei 4/2017, de 3 de outubro).

Pazo do Parlamento, 3 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/09/2018 12:55:11

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/09/2018 12:55:21

Raúl Fernández Fernández na data 03/09/2018 12:55:28

María Luisa Pierres López na data 03/09/2018 12:55:36

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 13:40
Nº Rexistro: 35677
Data envio: 03/09/2018 13:40:25.469

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As perspectivas para o 2018 canto á suba de prezos e o seu correlato na situación económica das e dos galegos non é todo o alentadora que pretendeu a autocomplacencia do Partido Popular na Xunta e no Estado nin ten sido obxecto de atención por parte do goberno socialista de Pedro Sánchez. A isto súmase unha fiscalidade excesiva e abusiva que debe ser revisada.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos unha fonda preocupación pola situación que atravesan moitos galegos e galegas. As consecuencias da crise socioeconómica sobre a capacidade financeira os fogares galegos continúan a ser un problema á orde do día debido á falta de recuperación económica, á consolidación do desemprego e a inestabilidade laboral. Deste xeito, observamos que malia incrementárense os custos da vida (luz, gas, combustíbeis, peaxes…) non aumenta a capacidade económica e isto leva a que moitas persoas o pasen realmente mal para pagar servizos tan básicos como a electricidade.

116613

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 13:40
Nº Rexistro: 35677
Data envio: 03/09/2018 13:40:25.469

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O prezo da electricidade subiu un 10% en 2017 e prevese para 2018 acadar o prezo máximo da historia. Malia a importancia doutros factores como os climáticos, é obvio que o sistema de fixación do prezo da factura, sempre en base á tecnoloxía máis cara que participa, é determinante. Porén, non son a única causa de que teñamos unha factura tan elevada e hai decisións políticas que se poden tomar con carácter inmediato para abaratala.

A electricidade ten no Estado Español ten unha fiscalidade excesiva, ademais do Imposto Especial á Electricidade, ten o IVE no tramo máis alto, do 21%, o que fai que sexa un dos IVE máis altos de Europa por detrás dos países nórdicos. Máis aínda, as e os galegos pagarán máis por causa dos suplementos autonómicos.

Faise a todas luces evidentes que é precisa unha racionalización da súa fiscalidade, que pasaría por reducir os impostos aplicados e como medida urxente sería preciso comezar por rebaixar o IVE do 21% ao tipo superreducido do 4%. A única razón para que isto non se faga é o afán recadatorio do Estado, polo que nun contexto onde a factura eléctrica ten chegado aos niveis máis altos da última década mentres aumenta a recadación do Estado a niveis pre crise, é preciso aplicar un IVE acorde coa concepción da enerxía como un servizo elemental.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

116614

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 13:40
Nº Rexistro: 35677
Data envio: 03/09/2018 13:40:25.469

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a, diante da escalada de prezos de 2018, demandar do Goberno Central a inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% co obxectivo de reducilo até o 4%."

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 13:39:49

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 13:39:54

116615

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 13:40
Nº Rexistro: 35677
Data envio: 03/09/2018 13:40:25.469

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 13:39:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 13:39:57

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 13:40:00

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 13:40:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 12:54
Nº Rexistro: 35506
Data envio: 31/08/2018 12:54:26.520

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o nacionalismo galego temos denunciado o gran calote que supón o mercado eléctrico no Estado español, máis aínda despois das modificacións legais emprendidas polo goberno central do Partido Popular a partir de 2011 e até 2018, que non fixeron máis que contribuír ao escurantismo dun oligopolio cuxo funcionamento está nas antípodas da transparencia. Tampouco parece que atallar este problema vaia ser unha prioridade para o goberno socialista de Sánchez.

Na actualidade, en aras do presunto "déficit tarifario" o emporio eléctrico continúa mantendo os seus beneficios a custo das persoas consumidoras, supoñendo un abuso ao tratarse dun ben de primeira necesidade. Doutra banda, dende o punto de vista territorial, é un sistema deseñado en base a unha óptica centralista que sitúa a Madrid como punto central e deseña o sistema obviando a distribución das fontes de electricidade e as consecuencias que ten esta produción sobre as poboacións e territorios que a acollen. Deste xeito, as políticas centralistas e ao servizo das eléctricas do Partido Popular teñen impedido a negociación dunha tarifa eléctrica galega con base na condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade malia que isto

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 12:54
Nº Rexistro: 35506
Data envio: 31/08/2018 12:54:26.520

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

abriría as portas a unhas menores e máis controladas tarifas, redundando en última instancia no ben dos e das consumidoras domésticas e das empresas.

O último mércores de agosto o prezo da electricidade volveu marcar no Estado español un limiar histórico, despois do récord sostido a comezos desde mes, o seis de agosto, en plena vaga de calor. Desta forma, o coñecido como "pool" pechou o martes cun prezo para o mércores 29 de agosto de 70,99 euros Mwh. As e os expertos estiman que 2018 será o ano co prezo da luz máis caro da historia. As razóns son múltiples pero unha fundamental é o sistema de conformación de prezos e o denominado "pool".

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno español medidas urxentes para reverter o drástico aumento da luz experimentado no ano 2018, a comezar por modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía."

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

116618

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 12:54
Nº Rexistro: 35506
Data envio: 31/08/2018 12:54:26.520

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 12:53:40

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 12:53:45

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 12:53:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 12:53:48

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 12:53:49

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 12:53:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 16:47
Nº Rexistro: 35726
Data envio: 03/09/2018 16:47:08.204

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas Paula Quinteiro Araujo e Paula Vázquez Verao e do seu deputado Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos

Os Punto de Encontro Familiar (PEF), regulados no Decreto 96/2014, do 3 de xullo, son un equipamento destinado a facilitar e preservar a relación entre menores e persoas das súas familias en situacións de crise, procurando a seguridade e benestar das e dos menores.

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo.

A intervención dos puntos de encontro familiar terá carácter temporal e desenvolverana profesionais nun lugar neutral e terá como obxectivo principal a normalización da situación conflitiva.

A maioría de casos que atende o Punto de Encontro Familiar (PEF) de Vigo están relacionados con nais e pais separados con fillas e fillos en común que teñen mala relación. No centro tamén levan a cabo visitas que de proxenitores e proxenitoras ou familiares que non teñen a custodia das e dos menores, xa sexa

porque están tuteladas ou acollidas. Ademais, o PEF serve como punto de intercambio en casos onde existe unha orde de afastamento por unha condena de violencia de xénero.

Aínda que o obxectivo deste servizo é "favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das fillas e dos fillos para manter a relación con ambas as persoas proxenitoras despois da súa separación", este verán o PEF de Vigo pechou durante dúas semanas: do 13 ao 26 de agosto, ante a falta de persoal para cubrir as vacacións das traballadoras.

Non se ten en conta que é época de vacacións, e os pais e nais necesitan máis este servizo, polo que as nais e pais teñen que buscar alternativas con axuda da familia. En casos de condenas por violencia de xénero, isto implica situacións desagradables.

O peche desta instalación dependente da Xunta causa polo tanto un problema grave a un número importante de menores e aproximadamente a 200 familias.

As persoas usuarias do Punto de Encontro Familiar solicitan e necesitan que o centro estea aberto os 365 días do ano. Ademais, o lugar onde se atopa, Rúa Portela, en Lavadores, está moi mal comunicado en cuestión de transporte público, e os accesos ao centro son por rúas estreitas, o que pode dar inseguridade á vítima de atoparse co maltratador.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte PNL para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Contratar o persoal suficiente para cubrir as vacacións das traballadoras do Punto de Encontro Familiar de Vigo e poder manter aberto o centro os 365 días

do ano, con vistas a proporcionar unha atención adecuada ás necesidades das nais e pais.

2. Garantir a dotación orzamentaria suficiente para o mantemento do PEF de Vigo, garantindo o seu funcionamento durante todo o ano.

3. Realizar un estudo sobre os problemas xurdidos da ubicación do PEF de Vigo e valorar a posibilidade de trasladar o centro a unha ubicación que permita unha mellor accesibilidade**.**

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Marcos Cal Ogando

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 16:47
Nº Rexistro: 35726
Data envio: 03/09/2018 16:47:08.204

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Quinteiro Araújo na data 03/09/2018 16:43:49

Marcos Cal Ogando na data 03/09/2018 16:43:59

Paula Vázquez Verao na data 03/09/2018 16:44:10

Luis Villares Naveira na data 03/09/2018 16:44:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:21
Nº Rexistro: 35755
Data envio: 03/09/2018 17:21:50.860

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Gonzalo Trénor López, Martín Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos

O Grupo Invertaresa, un holding de empresas de capital galego, atópase desde fai dous anos en dificultades para garantir o mantemento da súa actividade e da carga de traballo. A compañía, con sede en A Coruña, con 260 empregados, dos que a maioría (170) traballan na nosa Comunidade, solicitou a finais de xullo a liquidación de cinco das súas empresas.

A Xunta mantivo desde o primeiro momento reunións coa dirección e o comité de empresa e reclamou ao Goberno central que tivera en conta a Galicia á hora de buscar solucións tras a solicitude realizada de liquidación.

Deste xeito, celebrouse un encontro entre as tres administracións implicadas, Estado, Galicia e Castela León (Comunidade na que tamén se atopan factorías do Grupo empresarial), a petición da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no que a Xunta ofreceu a súa colaboración para traballar de maneira coordinada e buscar posibles solucións que garantan a viabilidade económica do proxecto empresarial e o mantemento dos postos de traballo das filiais do grupo en Galicia.

Nesta reunión, a ministra de Industria, Comercio e Turismo comprometeuse a atender as reivindicacións propostas desde a Xunta, como a elaboración dun plan de actuación conxunta para buscar e identificar inversores que garantan a actividade industrial e o mantemento do emprego. Ademais, trasladou á Consellería de Economía, Emprego e Industria a dispoñibilidade do Ministerio para ofrecer as axudas públicas necesarias para garantir a viabilidade dos posibles investimentos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a facer un seguimento detallado do cumprimento dos compromisos adquiridos pola Administración Xeral do Estado có

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:21
Nº Rexistro: 35755
Data envio: 03/09/2018 17:21:50.860

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Goberno galego na procura da mellor solución para a actividade produtiva e os postos de traballo do grupo empresarial Invertaresa en Galicia".

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/09/2018 17:19:30

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/09/2018 17:19:40

Gonzalo Trenor López na data 03/09/2018 17:19:52

Martín Fernández Prado na data 03/09/2018 17:20:00

Diego Calvo Pouso na data 03/09/2018 17:20:15

Maria Antón Vilasánchez na data 03/09/2018 17:20:22

Moisés Blanco Paradelo na data 03/09/2018 17:20:29

Moisés Rodríguez Pérez na data 03/09/2018 17:20:35

Marta Novoa Iglesias na data 03/09/2018 17:20:43

Cristina Isabel Romero Fernández na data 03/09/2018 17:20:52

Sandra Vázquez Dominguez na data 03/09/2018 17:21:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:26
Nº Rexistro: 35757
Data envio: 03/09/2018 17:26:43.969

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á atención da cirurxía pediátrica en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade debera ser entendida por parte da Administración galega como un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas, máis aínda cando falamos da poboación infantil. Porén, para o caso de Ourense as decisións durante anos dos gobernos Feijóo camiñaron en dirección contraria. Así as cousas, durante os primeiros días do mes de outubro de 2013 coñeceuse publicamente a confirmación da decisión unilateral do SERGAS de constituír para a cirurxía pediátrica unha área de servizo compartido para a zona sur de Galiza.

Esta decisión supuxo na práctica que moitas familias e crianzas de Ourense que precisen deste servizo fóra da xornada ordinaria e da programación teñan que desprazarse a Vigo para o empregar. Para as crianzas e para as persoas da súa contorna persoal, desprazarse a Vigo supón un esforzo e unha complicación, máis aínda cando se trata de nenos e nenas de fóra da cidade ou das poboacións achegadas á conexión con Vigo.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:26
Nº Rexistro: 35757
Data envio: 03/09/2018 17:26:43.969

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2018, malia o incremento de capacidade orzamentaria, non houbo rectificación algunha. Desde o BNG entendemos que esta situación non está xustificada e obedece unicamente á consolidación de políticas en materia de recortes que vén aplicando o goberno do Partido Popular desde a chegada de Feijóo á presidencia da Xunta. Máis aínda, durante este ano este grupo parlamentar recibiu denuncias de persoas afectadas que referiron o empeoramento do servizo chegando a vivir situacións nas que os preoperatorios caducaron e se incumpriron os prazos de agarda fixados pola normativa. Polo tanto, varios anos despois da implantación do sistema, urxe a súa revisión.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a recuperar para o ano 2019 o servizo de atención de cirurxía pediátrica no CHUO garantindo que toda a actividade asistencial e cirúrxica derivada das necesidades da súa poboación se poida desenvolver en dito centro sen necesidade de derivar pacientes a outras áreas sanitarias así como a que leve a cabo as contratacións precisas para dotalo do persoal necesario e prever programas de formación e rotación para atraer especialistas."

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

116627

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:26
Nº Rexistro: 35757
Data envio: 03/09/2018 17:26:43.969

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 17:26:16

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 17:26:22

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 17:26:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 17:26:25

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 17:26:26

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 17:26:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:27
Nº Rexistro: 35761
Data envio: 03/09/2018 17:27:10.251

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos

Ao longo do verán evidenciouse a falta de recursos na Atención Primaria, consecuencia das políticas de recortes, con especial repercusión na falta de profesionais, o que impide a substitución de vacacións, a cobertura das prazas de pediatría ou unha correcta atención nos Puntos de Atención Continuada.

O caso de Arcade é un máis que se une a este importante déficit do sistema público, xa que fai anos que o Centro de Saúde de Arcade padece importantes deficiencias como a masificación dos cupos de Atención Primaria e pediatría con máis de 1.500 tarxetas en adultos e máis de 1000 menores de 14 anos e cun poboación infantil en aumento, o que obriga as persoas doentes a esperar días a ser atendidas.

Ademais, na época estival, a poboación aumenta en máis de 10.000 persoas, pero os servizos polo contrario diminúen, pechando consultas de medicina familiar de pediatría ao non substituírse ao persoal que está de vacacións.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dotar o Centro de Saúde de Arcade cos seguintes servizos:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:27
Nº Rexistro: 35761
Data envio: 03/09/2018 17:27:10.251

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- 1 cupo máis de Medicina de Familia. Os tres cupos actuais están masificados.
- 1 cupo máis de pediatría.
- 3 novas prazas de enfermería para garantir a mesma proporción que no caso de facultativos/as.
- Acabar co peche de consultas no verán.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Luís Villares Naveira
Deputada e voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/09/2018 16:09:38

Luis Villares Naveira na data 03/09/2018 16:09:44

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:51
Nº Rexistro: 35780
Data envio: 03/09/2018 17:51:38.251

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, relativa ao proxecto de central hidroeléctrica reversíbel de Gas Natural SDG. SA e á afectación en diversos municipios ourensás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 19 de maio de 2017 saíu publicada no Boletín Oficial do Estado a resolución do 5 de maio de 2017 da secretaría de Estado de Medio Ambiente pola que se formula declaración de impacto ambiental do proxecto Central Hidroeléctrica reversíbel de Gas Natural SDG. SA que afecta aos encoros das Conchas e de Salas e a varios municipios ourensás. Este proxecto, do que leva anos a falarse e a terse noticias por diversas fontes, modificaría as características de aproveitamentos hidroeléctricos do río Salas (Salto de Salas) e do río Limia (Salto das Conchas) e afectaría aos concellos de Muíños, Lobios, Lobeira e Entrimo, ubicados nunha contorna caracterizada polo seu alto valor ambiental e natural así como por unhas circunstancias socioeconómicas atravesadas polo avellentamento e a perda de poboación.

Este acontecemento ten levantado as alertas de veciñanza e diversos colectivos ecoloxistas. Cómpre recordar que o encoro das Conchas presentou xa no ano 2011 un alto índice de contaminación por cianobacterias, tal e como desvelou un estudo do

116631

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:51
Nº Rexistro: 35780
Data envio: 03/09/2018 17:51:38.251

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Laboratorio de Xenética da Facultade de Veterinaria da Universidade Complutense de Madrid malia que nesa altura os datos fornecidos polo goberno galego eran positivos.

Desde entón diferentes movementos veciñais e sociais teñen traballado por unha solución para o embalse das Conchas e por evitar a afectación a zonas colindantes e de alto valor tanto social como ambiental, como por exemplo o encoro de Lindoso, de Salas ou o Parque Natural do Xurés na súa extensión galega e portuguesa.

Como se o impacto ambiental e a repercusión no territorio e na poboación non foran abondo coa situación actual das instalacións, a empresa quere aumentar os beneficios que obtén da explotación dos nosos recursos impulsando unha central de bombeo entre os encoros Salas e As Conchas para multiplicar o bombeo. As obras proxectadas desenvolveranse na denominada zona de transición da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés, a terreos incluídos na proposta de ampliación da Rede Natura e en zonas de protección de diferente índole. Alén do previsíbel e alertado impacto en numerosos indicadores ambientais, do risco de contaminar o encoro de Salas, da afectación á calidade das augas, etc.

Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que de ir adiante esta modificación da concesión estariamos diante dun novo caso de especulación enerxética no noso país favorecendo un modelo que non favorece o aforro e a eficiencia nin é preciso para a produción do país. Froito desta preocupación, o Bloque Nacionalista Galego ten preguntado na cámara por este asunto e desde a Xunta de Galiza asegurábase non existir risco. Porén, durante este verán de 2018 volveron aparecer as cianobacterias no encoro das Conchas e o seu estado volveu ser un problema.

116632

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:51
Nº Rexistro: 35780
Data envio: 03/09/2018 17:51:38.251

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento galego acorda insta á Xunta a demandar a paralización inmediata do proxecto de central hidroeléctrica reversíbel promovido por Gas Natural SDG. SA que modifica as características de aproveitamentos hidroeléctricos do río Salas (Salto de Salas) e do río Limia (Salto das Conchas) por supoñer un risco de contaminación."

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 17:46:54

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 17:47:03

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 17:47:05

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:51
Nº Rexistro: 35780
Data envio: 03/09/2018 17:51:38.251

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 17:47:07

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 17:47:09

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 17:47:11

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 18:17
Nº Rexistro: 35790
Data envio: 03/09/2018 18:17:12.079

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, relativa ás necesidades e melloras do transporte ferroviario entre Ourense e Santiago de Compostela para reverter o agravio con Ourense e favorecer o seu mellor aproveitamento por parte das e dos ourensás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O nacionalismo galego sempre defendeu a necesidade dunha rede ferroviaria moderna, compatíbel para o tráfico de persoas e mercadorías, que primara a mobilidade interior, e con conexións con Portugal e a Meseta. Porén, fronte a este deseño primou outro froito da concepción centralista do Estado que ten estado concibido co obxectivo de conectar Galiza con Madrid facendo que este criterio non se compatibilizase coa conexión interior de Galiza e a día de hoxe non temos sistema ferroviario modernizado nin un servizo equiparábel ao cercanías que cumpra coa súa función de conexión rápida, segura e útil para vertebración territorial entre cidades e vilas galegas.

Máis aínda, o desenvolvemento do Ferrocarril ten afondado na histórica discriminación do interior do noso país, que sofre as consecuencias dun agravio histórico coa complicidade do goberno galego, de forma que nin sequera se cumpre a necesidade de conectar de forma eficaz as cidades galegas coa capital de Galiza.

116635

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 18:17
Nº Rexistro: 35790
Data envio: 03/09/2018 18:17:12.079

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso de Ourense, perpetúase unha situación de discriminación en materia de horarios e prezos en comparación cos aplicados na franxa atlántica. Desta forma, esta cidade conta cunha conexión de Media Distancia do tipo Avant que conecta Ourense - Santiago - A Coruña. A liña foi inaugurada en decembro de 2011 e desde entón sucedeuse a supresión de frecuencias do tren rexional, que conectaba poboacións intermedias como O Carballiño, Maside ou O Irixo. Así mesmo, durante estes anos, non se introduciron as adaptacións precisas para que esta conexión aproveitara todo o seu potencial para atraer como usuarios e usuarias traballadores e traballadores e tamén estudantado entre as cidades de Santiago, Ourense e tamén da Coruña. Os horarios e as tarifas vixentes, que son máis dun 60% máis caras en comparación co eixo atlántico, limitan as posibilidades de conexión contribuíndo a que as persoas que por motivos persoais ou laborais deban desprazarse con frecuencia a Santiago de Compostela opten por non manter o seu lugar de residencia en Ourense. Os prezos por quilómetro son moito máis caros que a comparativa coa franxa atlántica. Desta forma, viaxar de Ourense até Coruña custa até 13 céntimos por quilómetro e de Ourense até Santiago de Compostela até 15 céntimos por quilómetro en caso de empregar un Avant. Porén, un galego ou galega que se desprace no Eixo Atlántico terá que asumir un custo menor, que non supera os 9 céntimos para alén de contar cunha oferta horaria máis ampla.

Esta situación, sumada aos incumprimentos constantes do Estado con Ourense derivan en que cada vez esteamos menos e peor conectados canto á mobilidade entre as comarcas e desde a cidade cara outras capitais. Esta situación constitúe un agravio cara aos galegos e galegas de Ourense, e xunto con outros factores impide igualar á sociedade galega e impide dar ao interior o pulo que precisa para desenvolverse socioeconomicamente e paliar a crise demográfica. Esta situación é insostíbel e Ourense precisa de apostas firmes, tamén no ámbito do transporte. Neste sentido, é preciso apostar polo tren de proximidade e mellorar o aproveitamento e accesibilidade a unha liña tan importante como a conexión entre Ourense, Santiago de Compostela e A

116636

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 18:17
Nº Rexistro: 35790
Data envio: 03/09/2018 18:17:12.079

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coruña. Máis aínda cando esta liña está sometida a obriga de servizo público e recibe fondos do Estado para a cohesión territorial.

Por todas estas razóns, o pasado 7 de febreiro de 2018 o Pleno do Parlamento Galego debateu unha Proposición non de Lei do Bloque Nacionalista Galego sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación a este asunto. Da resultante deste debate derivou un acordo parlamentario unánime cuxo texto transaccionado era o seguinte:

"O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1.- Esixir do Goberno central unha equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego para evitar a actual e evidente situación de discriminación que se ve en función do lugar de residencia dos galegos e galegas.

2.- Solicitar do Goberno central unha ampliación das frecuencias horarias desde Ourense para mellorar a comunicación con Compostela e A Coruña.

3.- Reformular os termos e condicións dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudantes para aumentar o período de uso que rexe a partir da data da primeira formalización da reserva, de forma que se poida empregar en máis tempo que na actualidade.

4.- Ampliar a frecuencia horaria da liña rexional Ourense -Santiago para mellorar a mobilidade e entre as poboacións intermedias de acordo coa demanda".

Porén, máis de medio ano despois, parece que nin no seu día este asunto foi unha prioridade para o goberno central baixo a presidencia de Rajoy nin o é na actualidade o é para a de Pedro Sánchez. Unha vez máis o centralismo estatal ignora as necesidades de Galiza.

116637

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 18:17
Nº Rexistro: 35790
Data envio: 03/09/2018 18:17:12.079

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con vista a estas cuestións, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno central e de Renfe-Adif as actuacións necesarias para:

1. Promover o abaratamento da Liña Avant Ourense - Santiago - A Coruña cando menos nun 30% de forma que se corrixa a actual discriminación. Así mesmo, demandar un aumento de cando menos frecuencia desta liña na franxa horaria de mañá e outra na de tarde de forma que se reduzan os períodos sen servizo.

2. Demandar a conexión mediante Avant entre Monforte e Ourense.

3. Reformular os termos e condicións dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudantes para aumentar o período de uso que rexe a partir da data da primeira formalización da reserva, de forma que se poida empregar en máis tempo que na actualidade.

4. Ampliar a frecuencia horaria da liña rexional Ourense-Santiago para mellorar a mobilidade entre as poboacións intermedias.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

116638

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 18:17
Nº Rexistro: 35790
Data envio: 03/09/2018 18:17:12.079

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 18:16:11

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 18:16:16

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 18:16:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 18:16:20

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 18:16:21

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 18:16:22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 18:24
Nº Rexistro: 35799
Data envio: 03/09/2018 18:24:25.798

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre o despedimento de traballadoras e traballadores da fábrica de Sargadelos en Cervo (A Mariña) e o futuro desta empresa emblema da cultura galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Sargadelos é máis que un centro de traballo, é un emblema da cultura galega. A factoría de Cervo, na comarca da Mariña, foi fundada en 1805 por Antonio Raimundo Ibáñez con quen comezou a produción de louza nesta localidade mariñá, mais foi da man de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane cando se converteu en máis que unha fábrica de cerámica para ser espazo de creación artística e rexurdir cultural do país após a ditadura fascista.

Nos últimos anos a empresa estivo ás portas da quebra, atravesou un longo concurso de acredores e o cadro de persoal viuse atinxido por un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) imposto pola dirección, co visto e prace da Xunta de Galiza, que sería declarado nun polo TSXG en xaneiro de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 18:24
Nº Rexistro: 35799
Data envio: 03/09/2018 18:24:25.798

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nas últimas semanas o propietario da entidade, Segismundo García, anunciou o despedimento de 49 persoas como represalia contra unha traballadora e representante sindical. Dos despedimentos anunciados, a comezos do mes de setembro oficializáronse vinte e dous.

A actitude do administrador de Sargadelos pon en risco a viabilidade da produción e da propia factoría, cuxo edificio foi catalogado como Ben de Interese Cultural (BIC) a través do Decreto 171/2014, do 26 de decembro; e con ela o futuro dun dos símbolos culturais de Galiza.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar as medidas que correspondan para garantir o mantemento dos postos de traballo na fábrica de Sargadelos en Cervo (A Mariña) e o futuro desta empresa que é símbolo e emblema da cultura galega."

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

116641

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 18:24
Nº Rexistro: 35799
Data envio: 03/09/2018 18:24:25.798

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 18:23:34

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 18:23:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 18:23:41

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 18:23:43

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 18:23:44

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 18:23:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 13:30
Nº Rexistro: 35857
Data envio: 04/09/2018 13:30:28.848

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas,** e das súas deputadas **Carmen Santos Queiruga e Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte ***Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.ª.***

Exposición de motivos.

O sistema público de pensións é o elemento central da protección social no noso país polo número de persoas beneficiadas, polo importe dos recursos dos que dispón o sistema pero, sobre todo, porque as pensións son a renda case única das persoas que por razón de idade deixan de traballar.

Asegurar as pensións e a súa actualización anual é un compromiso ineludible coas persoas que logo dunha larga vida de traballo xeraron o dereito a unha pensión suficiente que lles permita vivir de forma independente cos seus propios recursos.

En agosto de 2018, en Galicia hai 674.290 persoas pensionistas, unha elevada cifra que equivale ao 25% da poboación total do noso pais o que supón que un de cada catro persoas é pensionista.

Pensionistas que cobran de media tan só 810 euros mensuais, unha contía obviamente baixa pero que aínda así agocha detrás dese valor medio situacións de pobreza e exclusión que padecen miles e miles de pensionistas en Galicia. Porque no noso país o 58% das pensións están por debaixo do limiar da pobreza. O 28% das pensións é inferior aos 500 euros mes e outro 30% non chega aos 650 euros. Un dato amosa o enorme problema para moitas persoas, hai 200.000

pensionistas que cobran menos de 450 euros mensuais, unha cantidade tan baixa que condena á pobreza e á exclusión as persoas que as perciben

Pensións moi baixas, as segundas máis baixas do Estado, que condenan á precariedade e á dependencia das persoas maiores. Pensións baixas que ademais sufriron a perda de poder adquisitivo dende que a Lei 234/2013 cambiou o sistema de actualización anual eliminando a referencia ao IPC trocándoa polo denominado índice de revalorización.

Este índice, tal e como estaba definido na norma legal, condenaba á practica conxelación permanente das pensións converténdose nunha gravísima ameaza para o futuro das mesmas e o benestar das persoas pensionistas.

O 0,25% de variación anual das pensións para sempre derivado da definición do índice de revalorización constituía un mecanismo perverso con efectos demoledores sobre o poder adquisitivo das persoas pensionistas, que nun prazo de dúas décadas verían reducida a súa pensión nun 30% en termos reais: pasar de pensións baixas a pensións de miseria.

A enorme mobilización social, o rexeitamento maioritario da sociedade contra este empobrecemento das persoas maiores, obrigou ao Partido Popular a un cambio cosmético do índice de revalorización que agora, co seu desaloxo do goberno, deu un paso adiante con incrementos das pensións próximos ao IPC.

Pero o avanzado, con ser moito, non é suficiente nin está garantido para o futuro. Este é o momento de formalizar de forma decidida o compromiso coas persoas maiores, as pensionistas, porque é necesario e posible garantir que, cando menos, as pensións non perdan poder adquisitivo e ademais facelo de forma definitiva, de forma que non se volvan a ver ameazadas no futuro por axustes e recortes do gasto publico.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 13:30
Nº Rexistro: 35857
Data envio: 04/09/2018 13:30:28.848

Para elo é necesario eliminar de forma definitiva o índice de revalorización, derrogando a Lei 23/2013 e volver a regular por lei que o criterio para a actualización anual da contía das pensións ten que ser a variación real do IPC de cada ano. Un cambio normativo que debe ter o máximo respaldo legal para impedir a volta atrás, dándolle a norma que regula esta revalorización o máximo rango xurídico e institucional.

En base ao anterior, **En Marea** presenta a **seguinte Proposición non de Lei** para o seu debate en **Comisión:**

O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno central demandándolle que estableza de forma inmediata un mecanismo de revalorización das pensións que asegure, cando menos, que as pensións manteñan o seu poder adquisitivo, isto é, que medren cada ano o mesmo que o IPC, polo que, ademais do incremento inicial se debe recuperar a cláusula de garantía, por si a inflación ao final do ano é superior á subida inicial das pensións. Un sistema de actualización da contía das pensións que debe blindarse legalmente, dándolle o máximo rango xurídico e institucional, para evitar que ningún goberno poda volver a recortar e devaluar as pensións.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Deputadas e voceira s. do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 13:30
Nº Rexistro: 35857
Data envio: 04/09/2018 13:30:28.848

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/09/2018 13:28:06

Carmen Santos Queiruga na data 04/09/2018 13:28:16

Paula Vázquez Verao na data 04/09/2018 13:28:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 17:25
Nº Rexistro: 35905
Data envio: 04/09/2018 17:25:27.799

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos

Neste verán, evidenciouse de xeito aínda máis contundente que outros anos, a falta de recursos na Atención Primaria do Sistema sanitario público, debido á política de recortes.

A falta de persoal, impide substituír as baixas e vacacións, dar unha cobertura idónea en todas as prazas de pediatría, ou garantir unha atención correcta nas urxencias médicas dos Puntos de Atención Continuada.

Carencias, que teñen como consecuencia que as doentes deba esperar na maioría dos centros de saúde máis dunha semana para ser atendidas, ou os servizos de urxencias conten só cun equipo que debe atender dentro e fora dos centros, situación que pon en risco a saúde das doentes.

Foron moitas as propostas trasladas á Xunta de Galicia por diferentes colectivos, colexios profesionais ou a través de iniciativas parlamentarias, que en moitos casos atoparon un desprestixio absoluto por parte de Goberno.

A falta de planificación, a precariedade imposta polo deterioro das condicións laborais ou as prexubilacións forzosas que se iniciaron sen ningún sentido, forman parte dunha política de desmantelamento do público que non pon ningún interese nunha asistencia sanitaria de calidade na Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 17:25
Nº Rexistro: 35905
Data envio: 04/09/2018 17:25:27.799

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a constituír unha mesa de negociación coas organizacións sindicais e as asociacións e colexios de profesionais médicos, a fin de avaliar a situación e adoptar as medidas necesarias para garantir unha asistencia sanitaria de calidade.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Luís Villares Naveira
Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 04/09/2018 17:21:31

Luis Villares Naveira na data 04/09/2018 17:21:38

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 10:38
Nº Rexistro: 35918
Data envio: 05/09/2018 10:38:12.224

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, relativa á elaboración dun Plan Integral de Valorización da ponte de Pontevea e a súa contorna.

A ponte de Pontevea está situada entre os concellos de Teo, na parroquia de Reis, lugar de Pontevea, e A Estrada, na parroquia de Couso, lugar do mesmo nome. Nos dous concellos existe unha forte identificación popular coa ponte de Pontevea.

Descoñécese con exactitude a data de construción da ponte actual, todo apunta a que sexa do século XV modificando ou substituíndo outra anterior, incluso hai algunhas teorías que defenden que é romana, aínda que non se coñecen datos que o confirmen.

En todo caso, os primeiros documentos coñecidos que falan da ponte datan do século XVI e serviu de camiño de paso entre o concello da Estrada e Teo en dirección a Santiago de Compostela.

116649

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 10:38
Nº Rexistro: 35918
Data envio: 05/09/2018 10:38:12.224

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Actualmente a ponte está cortada ao paso dos vehículos. Sufriu unha restauración no ano 1995, e a última acometeuse no ano 2010, sendo a primeira vez que contou con asesoramento e seguimento arqueolóxico, no que se repararon os problemas estruturais, pecháronse as fendas e retiraron o asfalto, quedando outra vez á vista os lastros que había debaixo. Con todo precisaría unha limpeza nos piares e unha posta en valor, tanto do ben coma do seu entorno, así como unha referencia do seu valor histórico e artístico.

En marzo de 2015 o Pleno de Teo acordou por unanimidade aprobar a moción do BNG para instar á Xunta a declarar BIC a ponte de Pontevea en base ao disposto na Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galiza. En setembro dese mesmo ano, na Comisión 4ª, Educación e Cultura, do Parlamento galego consensuouse un acordo a iniciativa do BNG para instar á Xunta a impulsar o expediente para que a ponte sexa declarada BIC. Finalmente, en novembro de 2017 o Consello da Xunta adoptou a decisión de declarar Ben de Interese Cultural á ponte de Pontevea. Dez meses despois dese recoñecemento, e da protección oficial que conleva, nin Xunta nin os concellos da Estrada e Teo puxeron maior interese na ponte nin na súa contorna, malia os anuncios feitos e as declaracións de vontade.

Desde o BNG manifestamos a necesidade de protexer e conservar de xeito especial a ponte de Pontevea, así como potenciar a súa contorna cun Plan Integral de Valorización que sirva para coidar e poñer en valor o noso patrimonio, tanto o arquitectónico como o natural.

116650

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 10:38
Nº Rexistro: 35918
Data envio: 05/09/2018 10:38:12.224

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª:

"Instar á Xunta de Galiza a que elabore un Plan Integral de Valorización da ponte de Pontevea e a súa contorna en colaboración cos concellos da Estrada e de Teo, dotándoo do orzamento necesario para a súa execución."

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2018 10:36:25

116651

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 10:38
Nº Rexistro: 35918
Data envio: 05/09/2018 10:38:12.224

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2018 10:36:32

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2018 10:36:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2018 10:36:35

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2018 10:36:36

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2018 10:36:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 12:32
Nº Rexistro: 35920
Data envio: 05/09/2018 12:32:30.348

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada Carmen Santos Queiruga ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, relativa á diminución do persoal nas administracións locais.

Exposición de motivos.

O persoal do conxunto das Administracións Públicas que operan en Galicia recortouse moito en número de efectivos. Galicia estase a comportar diferente a España. Mentres no resto do estado os concellos son os que volven contratar con forza, e no primeiro semestre de 2017 incorporaron case 23.000 novos traballadores, os concellos galegos son os responsables do adelgazamento do persoal público na comunidade, sobre todo no último ano e medio.

A finais do primeiro semestre de 2017 había 146.827 empregados públicos segundo o boletín estatístico do persoal ao servizo das Administracións Públicas publicado polo Ministerio de Hacienda. Hai que remontarse unha década atrás (xaneiro de 2007) para atopar unha cifra máis baixa de empregados públicos: 145.134 efectivos.

Entre xaneiro de 2016 e xullo de 2017, as administracións presentes en Galicia (Estado, Xunta, concellos e universidades) prescindiron do 2,2% dos seus traballadores, é dicir, 3.345 persoas. Sete de cada dez destas baixas hai que achacarllas aos concellos. Estes entes locais pasaron de contar con 28.098 empregados a principios de 2016 a 25.748 a mediados do pasado ano. Un 8,3%

menos, ou o que é o mesmo, 2.350 funcionarios e persoal laboral menos. O recorte foi paulatino: 488 empregos no primeiro trimestre de 2016; 979 no segundo; e 883 no primeiro de 2017.

A diminución de traballadores públicos no último ano e medio colocou a Galicia como a terceira comunidade na que máis emprego se destruíu, tanto en porcentaxe como en cifras totais.

Isto supuxo tamén a desaparición de moitos servizos nos concellos galegos ante a incapacidade e a falta de persoal para mantelos operativos.

Os concellos son as primeiras institucións ás que accede o cidadán. Son a administración máis próxima aos problemas, demandas e necesidades da cidadanía no día a día, e deles depende en gran medida a capacidade para brindar servizos e satisfacer as necesidades e demandas da poboación. Polo tanto, se estes funcionan mal, arrastrarase un problema que lastre e condicione o bo funcionamento do resto de administracións.

Isto lévanos a pensar que as medidas adoptadas ata o momento desde a Xunta de Galicia para reverter esta situación anómala e contraria ao que está a dar o resto do Estado non están a ser suficientes ou non están enfocadas do modo en vista dos resultados obtidos ata a data.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a revisar as medidas existentes e o seu actual grao de aplicación, e acometer, con carácter urxente, todas as que sexan necesarias para reverter a diminución do número de empregados públicos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 12:32
Nº Rexistro: 35920
Data envio: 05/09/2018 12:32:30.348

dos concellos galegos, garantindo así o mantemento dos servizos perdidos nos últimos anos en moitos distes concellos de Galicia.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Voceira s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 05/09/2018 12:12:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 35937
Data envio: 05/09/2018 14:21:12.004

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Paula Prado del Río** e **Diego Calvo Pouso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

O Goberno galego está dando os últimos pasos para concluír o complexo da Cidade da Cultura de Galicia situada no monte Gaiás.

Un complexo que deixará atrás anos de inquedanza para afrontar un futuro de pleno rendemento, como espazo cultural, social, emprendedor, investigador, medioambiental, etc..

A ilo contribuirán as dúas actuacións que ten en marcha a Xunta de Galicia.

Por unha banda a creación do Edificio Fontán, como solución a un espazo que estaba sen determinar e ocupado por unha estrutura do denominado Teatro da Ópera paralizado definitivamente no ano 2013.

Este novo edificio recuperará esta estrutura para darlle unha utilidade e rematar, desde xeito, a parte construtiva do complexo.

O edificio Fontán será a sede de tres centros vinculados co Sistema Universitario Galego, consolidando deste xeito, a cooperación interuniversitaria, a calidade do sistema universitario de Galicia e creando o primeiro centro de investigación do sistema vinculado ás Ciencias Sociais e as Humanidades.

Por outra banda, a conclusión da Fase II do Bosque de Galicia que rematará a actuación medioambiental do complexo na súa contorna. O Bosque de Galicia érguese polas ladeiras do monte Gaiás ocupando 34 hectáreas de arboreda autóctona entre a que discorre unha rede de sendas peonís de máis de 5 quilómetros.
O Bosque de Galicia convértese así nun espazo de alta calidade ambiental, enriquecendo a biodiversidade da zona e contribuíndo a mellorar o metabolismo ambiental de Santiago de Compostela.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 35937
Data envio: 05/09/2018 14:21:12.004

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Este Bosque de Galicia debe ser o nexo de unión entre a propia cidade de Santiago, máis aló dos barrios próximos como Fontiñas ou Sar, e a Cidade da Cultura.

Este gran espazo do Complexo Gaiás debe ser asumido pola veciñanza como de seu, non só de Santiago, senón de toda Galicia e para iso hai que dar facilidades para achegarse ata a Cidade da Cultura.

Se falamos en clave recurso turístico é obvio que a Cidade da Cultura é un espazo singular capaz de xerara fluxos turísticos e visitantes.

Por todo iso faise necesario desenvolver un completo plan de mobilidade cara á Cidade da Cultura desde o centro de Santiago, particularmente desde o Casco Histórico para posibilitar o coñecemento e o desprazamento.

Entendemos que esta actuación debe desenvolverse de xeito coordinado entre as diferentes administracións, particularmente entre o Concello e a Xunta de Galicia.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a deseñar có Concello de Santiago un plan de mobilidade entre o Casco Histórico-Centro de Santiago e o Complexo da Cidade da Cultura no monte Gaiás que fomente o acceso peonil e outros medios de transporte público”.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/09/2018 14:16:27

Maria Antón Vilasánchez na data 05/09/2018 14:16:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 35937
Data envio: 05/09/2018 14:21:12.004

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2018 14:16:43

César Manuel Fernández Gil na data 05/09/2018 14:16:51

Carlos Gómez Salgado na data 05/09/2018 14:16:54

María Isabel Novo Fariña na data 05/09/2018 14:17:03

Antonio Mouriño Villar na data 05/09/2018 14:17:11

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/09/2018 14:17:18

Martín Fernández Prado na data 05/09/2018 14:17:22

Paula Prado Del Río na data 05/09/2018 14:17:30

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2018 14:17:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 16:42
Nº Rexistro: 35946
Data envio: 05/09/2018 16:42:30.582

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Os continuos estragos producidos polo xabaril está ocasionando graves problemas económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria nos nosos territorios, especialmente nas economías rurais das familias e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita nas fincas e colleitas.

Danos económicos producidos nos cultivos e prados impedindo a sega e o ensilado, ou nos froitos como a castaña e outros.

Danos medioambientais no propio terreo ao provocar arrastres de capa vexetal cara os ríos, afectando ao marisqueo nas zonas de costa e a proliferación de malas herbas xerando un incremento no uso de herbicidas.

E tamén competencia desigual con outras especies que cada vez teñen menos recursos dispoñibles poñéndoas en risco de desaparición (aves e micro mamíferos). E mesmo riscos sanitarios polo contaxio de especies domésticas, tuberculose, peste porcina.

A maiores prodúcense danos en bens públicos de axardinamentos e zonas deportivas e incluso problemas de seguridade de viaria con motivo dos atropelos que se producen ao atravesaren estradas e camiños rurais, provocando a o incremento das primas de seguros das persoas que residimos nestes contornos.

Estes ataques do xabaril teñen como consecuencia un enorme incremento dos custes nas explotacións agrícolas e gandeiras profesionais que quedan, tanto no referido aos de alimentación como as necesidades de cercas, tanto convencionais como eléctricas, provocando o abandono dos cultivos tradicionais, por falta de rendemento e desesperación das persoas titulares das explotacións.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 16:42
Nº Rexistro: 35946
Data envio: 05/09/2018 16:42:30.582

Ante estes acontecementos, as persoas damnificadas estanse dirixindo aos Concellos, como Administracións máis próximas, expresando as súas inquedanzas por mor destes ataques que poñen en perigo a súa sustentabilidade económica.

Certamente a situación de hoxe en día, ten como antecedentes o excesivo incremento da poboación dos xabarís, un mamífero con grande capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, todo elo facilitado polo abandono das terras e do medio rural, así como pola escasa incidencia do único depredador natural que ten, que é o lobo.

Esta realidade, non foi acompasada de medidas proporcionais e eficaces de control que permitan unha convivencia equilibrada e sostible desta especie animal con outras especies e coas actividades económicas, sociais e medioambientais do noso contorno.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Realizar antes de que remate este ano, un censo da poboación do xabaril e a súa distribución nas comarcas de Galicia.

2º) Redactar e poñer en marcha no mesmo prazo un Plan de xestión do xabaril, para estabilizar a súa poboación, de xeito consensuado cos sectores afectados.

3º) Elaborar antes de que remate 2018 un mapa de danos para o territorio galego onde figuren por concello e comarcas os cultivos afectados e a superficie afectada.

4º) Abrir unha liña de axudas económicas, para facer fronte aos danos que ocasiona nas explotación e nos cultivos de particulares dedicados ao autoconsumo.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 16:42
Nº Rexistro: 35946
Data envio: 05/09/2018 16:42:30.582

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2018

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/09/2018 16:31:07

Raúl Fernández Fernández na data 05/09/2018 16:31:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/09/2018 16:31:26

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 16:42
Nº Rexistro: 35947
Data envio: 05/09/2018 16:42:53.551

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Os continuos estragos producidos polo xabaril está ocasionando graves problemas económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria nos nosos territorios, especialmente nas economías rurais das familias e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita nas fincas e colleitas.

Danos económicos producidos nos cultivos e prados impedindo a sega e o ensilado, ou nos froitos como a castaña e outros.

Danos medioambientais no propio terreo ao provocar arrastres de capa vexetal cara os ríos, afectando ao marisqueo nas zonas de costa e a proliferación de malas herbas xerando un incremento no uso de herbicidas.

E tamén competencia desigual con outras especies que cada vez teñen menos recursos dispoñibles poñéndoas en risco de desaparición (aves e micro mamíferos). E mesmo riscos sanitarios polo contaxio de especies domésticas, tuberculose, peste porcina.

A maiores prodúcense danos en bens públicos de axardinamentos e zonas deportivas e incluso problemas de seguridade de viaria con motivo dos atropelos que se producen ao atravesaren estradas e camiños rurais, provocando a o incremento das primas de seguros das persoas que residimos nestes contornos.

Estes ataques do xabaril teñen como consecuencia un enorme incremento dos custes nas explotacións agrícolas e gandeiras profesionais que quedan, tanto no referido aos de alimentación como as necesidades de cercas, tanto convencionais como eléctricas, provocando o abandono dos cultivos tradicionais, por falta de rendemento e desesperación das persoas titulares das explotacións.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 16:42
Nº Rexistro: 35947
Data envio: 05/09/2018 16:42:53.551

Ante estes acontecementos, as persoas damnificadas estanse dirixindo aos Concellos, como Administracións máis próximas, expresando as súas inquedanzas por mor destes ataques que poñen en perigo a súa sustentabilidade económica.

Certamente a situación de hoxe en día, ten como antecedentes o excesivo incremento da poboación dos xabarís, un mamífero con grande capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, todo elo facilitado polo abandono das terras e do medio rural, así como pola escasa incidencia do único depredador natural que ten, que é o lobo.

Esta realidade, non foi acompasada de medidas proporcionais e eficaces de control que permitan unha convivencia equilibrada e sostible desta especie animal con outras especies e coas actividades económicas, sociais e medioambientais do noso contorno.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Realizar antes de que remate este ano, un censo da poboación do xabaril e a súa distribución nas comarcas de Galicia.

2º) Redactar e poñer en marcha no mesmo prazo un Plan de xestión do xabaril, para estabilizar a súa poboación, de xeito consensuado cos sectores afectados.

3º) Elaborar antes de que remate 2018 un mapa de danos para o territorio galego onde figuren por concello e comarcas os cultivos afectados e a superficie afectada.

4º) Abrir unha liña de axudas económicas, para facer fronte aos danos que ocasiona nas explotación e nos cultivos de particulares dedicados ao autoconsumo.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 16:42
Nº Rexistro: 35947
Data envio: 05/09/2018 16:42:53.551

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2018

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/09/2018 16:31:54

Raúl Fernández Fernández na data 05/09/2018 16:32:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/09/2018 16:32:15

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 16:52
Nº Rexistro: 35948
Data envio: 05/09/2018 16:52:09.848

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda, Eva Solla Fenández e Paula Vázquez Verao e do seu deputado Manuel Lago Peñas, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos

Eulen, compañía fundada polo empresario leonés David Álvarez Díez, emprega a 88.692 persoas, segundo os datos actualizados da súa propia páxina web. O 56% delas –50.327– traballan en España. A empresa gábase de que aposta pola formación dos seus empregados, así como pola conciliación familiar e pola integración de inmigrantes e discapacitados. Porén, os sucesivos escándalos dos que foi obxecto puxeron de relevo a natureza extraordinariamente precaria das súas contratacións.

Eulen especialízase en externalizacións, que defende polo aforro de custes e pola presunta mellora dos servizos. Traballa no eido da seguridade, da limpeza, do mantemento, da consultoría, da xardinería, dos servizos loxísticos e do telemárketing. Ofrece os seus servizos a sectores tan diversos como o farmacéutico, o bancario, o enerxético, o do transporte ou o comercial. Eulen está presente en Chile, México, Perú, Estados Unidos, Colombia, Portugal, República Dominicana, Panamá, Costa Rica, Jamaica e no mundo árabe. En total, factura anualmente 1.500 millóns de euros, o que non lle impide ser recoñecida polos seus baixos salarios e polo atropelo sistemático das condicións laborais dos seus traballadores e traballadoras.

Tanto os sindicatos como os propios empregados e empregadas da compañía veñen denunciando que Eulen paga por debaixo do que establece o convenio; incumpre a bolsa de horas, non abonando os excesos, ou aumentando as xornadas; non entrega a información real das horas complementarias; non conta cun calendario laboral, o que provoca que o persoal traballe máis do que lle corresponde; non dá o descanso semanal obrigatorio; fai xornadas ilegais por convenio, partindo as xornadas a tempo parcial para aforrar os desprazamentos; cambia as xornadas dun día para outro; etcétera.

A empresa foi xa investigada polo trato de favor que vén recibindo nas contratacións por parte da Xunta de Galicia de Núñez Feijóo. Entre outras artimañas, o goberno popular fraccionou de maneira fraudulenta contratos para evitar o concurso público e asegurar que Eulen era finalmente a destinataria dos mesmos. Para facernos unha idea do negocio redondo da compañía, teñamos en conta que só nos anos 2010 e 2011 a Xunta adxudicou a Eulen oito contratos por un importe de 1,4 millóns de euros.

O segredo do seu éxito é, como dicimos, o trato de favor que recibe das administracións –non é casualidade que a irmá de Feijóo sexa a directora da zona noroeste do grupo– e as condicións laborais lamentables que ofrece. Recentemente Eulen colgou unha oferta de traballo en Infojobs para buscar un técnico ou técnica de xestión sociocultural. Solicitaba un ano de experiencia, unha licenciatura ou grao, e idiomas. Uns requisitos laborais máis que notables tendo en conta que a franxa salarial que aparecía non anuncio ía dos 600€ aos 900€ brutos. Dito doutro xeito, o salario máis baixo considerado por Eulen nin sequera chegaba ao salario mínimo. Isto non sería admisible nin sequera se fora unha bolsa, pero é que neste caso tratase dun emprego que esixe ter traballado con anterioridade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 16:52
Nº Rexistro: 35948
Data envio: 05/09/2018 16:52:09.848

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Non se trata dun detalle anecdótico, senón máis ben dun chanzo máis na precarización das condicións de traballo que permite a Eulen, empresa ben querida pola familia Feijóo, facer o seu agosto ano tras ano.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a revisar as condicións laborais das empresas contratadas pola Xunta de Galicia e facer cumprir nelas os dereitos laborais dos traballadores, defendendo e mellorando as condicións de contratación.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Manuel Lago Peñas

Eva Solla Fernández

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 16:52
Nº Rexistro: 35948
Data envio: 05/09/2018 16:52:09.848

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/09/2018 16:49:11

José Manuel Lago Peñas na data 05/09/2018 16:49:20

Paula Vázquez Verao na data 05/09/2018 16:50:12

Eva Solla Fernández na data 05/09/2018 16:50:18

Luis Villares Naveira na data 05/09/2018 16:50:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 17:36
Nº Rexistro: 35955
Data envio: 05/09/2018 17:36:48.051

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Alvarez Martínez e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

A estrada autonómica PO-308, que pasa polo concello de Poio, é extremadamente perigosa en varios puntos. Segundo recoñecera o seu día o entón conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, é unha das estradas máis saturadas de Galicia e unha das máis utilizadas para ir ás praias na tempada estival. Nalgunhas das súas zonas non existe nin beiravía. No verán, hai accidentes todas as semanas. Téñense producido varias mortes.

O Goberno municipal de Poio cre precisa unha vía alternativa á PO-308 que permita reducir o nivel de tráfico na estrada da costa que comunica a vila de Poio coa de Sanxenxo e transformala nunha travesía urbana que facilite a convivencia dos veciños e veciñas que con ela lindan, ademais de seguir avanzando en actuacións urxentes para mellorar a seguridade viaria en toda esta estrada. Mesmo o Plan xeral de Poio contempla unha conexión alternativa que permitiría derivar os fluxos de tráfico que se producen na ponte de A Barca e na súa contorna, evitando tráficos cruzados mediante a construción da conexión denominada "Viario do Bao" e que conecta a estrada de Vilagarcía (PO-531) coa da parroquia de Campañó (PO-310).

O Goberno da Xunta de Galicia tiña recollido no Plan Move 2010-2015 a necesidade de execución do dito viario cun horizonte de execución do ano 2015, mais, como xa é costume, segue a estar gardado nun caixón.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 17:36
Nº Rexistro: 35955
Data envio: 05/09/2018 17:36:48.051

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación á estrada autonómica PO-308, a que:

1. Inicie os trámites pertinentes para a posta en funcionamento do "Viario do Bao" previsto no Plan Move para o ano 2015.
2. Acometa de maneira integral en todo o termo municipal de Poio a mellora da seguridade viaria e peonil da PO-308.
3. Proceda á firma dun convenio de colaboración co Concello de Poio para desenvolver a mellora de beiravías e de seguridade peonil na PO-308, á altura da Avenida de Andurique e de A Barca.

Pazo do Parlamento, 5 de setembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/09/2018 17:31:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/09/2018 17:31:23

María Luisa Pierres López na data 05/09/2018 17:31:29

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 17:36
Nº Rexistro: 35955
Data envio: 05/09/2018 17:36:48.051

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/09/2018 17:31:37

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 10:30
Nº Rexistro: 36012
Data envio: 06/09/2018 10:30:26.650

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputados, Luís Manuel Álvarez Martínez e das súas deputadas, María Concepción Burgo López e María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A comunidade educativa do CEIP Ramón Otero Pedraio da Laracha ven demandando reiteradamente a conclusión, nunha segunda fase, de obras necesarias para adecuar ás instalacións do centro ás necesidades existentes, obras que de xeito moi resumido se poden concretar nas seguintes:

-Tres aulas no edificio novo.
-Remate do patio do novo colexio.
-Pasarelas de comunicación entre os edificios de educación infantil, edificios de primaria e comedor.
-Reforma da zona de administración do centro de primaria.

Xa no ano 2017 este grupo parlamentario presentou iniciativas para coñecer as intencións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre este centro, xa que o propio conselleiro tiña declarado que se ían realizar un importante número de actuacións en centros da comunidade autónoma e ningunha delas se refería a este.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia instar o Goberno galego a planificar a realización das necesarias e pendentes obras no CEIP Ramón Otero Pedraio da Laracha de xeito que estean concluídas no inicio do curso 2019/2020.

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/09/2018 19:01:34

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/09/2018 19:02:01

María Dolores Toja Suárez na data 05/09/2018 19:02:14

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 10:30
Nº Rexistro: 36012
Data envio: 06/09/2018 10:30:26.650

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/09/2018 19:02:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 12:11
Nº Rexistro: 36055
Data envio: 06/09/2018 12:11:35.275

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Fomento vén de anunciar de maneira oficiosa dúas novas subidas de peaxes da AP-9 que se farán efectivas nos vindeiros meses e que son resultado dos convenios asinados en 2011 e 2013 polo goberno do Estado e AUDASA. No caso da suba do 1% vinculada ao convenio de 2011 consideramos que é ilegal a súa aplicación na anualidade de 2018.

Estes incrementos das peaxes, que se suman á actualización anual do IPC e a outras subas aprobadas, prexudican gravemente os intereses das persoas usuarias e favorecen descaradamente os intereses da concesionaria. Estamos diante dunha estratexia na que a concesionaria sempre sae gañando: incremento do tráfico, incremento das peaxes, redución de custos, aumento de beneficios.

Por outra parte, contemplamos con estupor como o goberno do Estado e a Xunta de Galiza son incapaces de pararlles os pés a AUDASA: nin se lle abren expedientes polos atascos, nin se lle aplican penalizacións nas compensacións,

116674

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 12:11
Nº Rexistro: 36055
Data envio: 06/09/2018 12:11:35.275

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nin se negocian bonificacións nin se fai auditoría do servizo. Son polo tanto gobernos cómplices da estafa das peaxes e dos abusos da concesionaria. E no caso do goberno central ademais ingresa tamén cantidades millonarias polo Imposto de Sociedades e polo IVE.

O BNG entende que a Xunta de Galiza e O Ministerio de Fomento téñenlle que poñer fin ao espolio e ao agravio continuado, que se ve acrecentado ademais con medidas de redución de peaxes noutras autoestradas de titularidade estatal. Ou coa aprobación de miles de millóns para o rescate das ruinosas autoestradas madrileñas.

Consideramos ademais que se deben revisar os convenios asinados en 2011 e 2013, así como auditar as obras da ampliación de Rande e estudar penalizacións á concesionaria pola non prestación do servizo en condicións óptimas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado:

1. A revisión e anulación dos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e AUDASA en 2011 e 2013, por establecer cláusulas abusivas e claramente favorábeis aos intereses da concesionaria.

116675

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 12:11
Nº Rexistro: 36055
Data envio: 06/09/2018 12:11:35.275

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A realización dunha auditoría global sobre as deficiencias do servizo que presta a concesionaria da AP 9 e sobre as obras de ampliación da ponte de Rande.

3. A apertura de expedientes informativos e sancionadores á concesionaria polas reiteradas retencións e atascos que se producen na AP 9.

4. A aplicación de formas de compensación pola non axeitada prestación do servizo nas xornadas en que se produciron retencións e polo tráfico que utiliza os novos carrís exteriores da ponte de Rande que non cumpren con estándares das autoestradas."

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

116676

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 12:11
Nº Rexistro: 36055
Data envio: 06/09/2018 12:11:35.275

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 12:09:39

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 12:09:44

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 12:09:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 12:09:46

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 12:09:48

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 12:09:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:00
Nº Rexistro: 36066
Data envio: 06/09/2018 13:00:28.384

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xullo cumpriuse a data de caducidade da concesión da fábrica do cloro de Lourizán, sen que o PP galego dese cumprido o seu plan para consolidar esta empresa contaminante na ría de Pontevedra.

Este Plan era a consecuencia lóxica da decisión política anunciada o 24 de novembro de 2016 como resultado das negociacións ao máis alto nivel entre a Xunta e a empresa. Mais a folla de rota non se levou a cabo porque o goberno galego non deu tramitado o Plan sectorial de incidencia supramunicipal e o goberno central non aprobou a prórroga da concesión.

Neste proceso foi fundamental a posición contraria do concello con respecto ao PERI, á Autorización Ambiental Integrada e ao Proxecto sectorial, así como batalla social, administrativa e xudicial contra a continuidade da empresa en terreos de dominio público marítimo-terrestre.

Así as cousas, desbotada a posibilidade de permanencia desta empresa perigosa e contaminante na ría, cómpre que o Estado dea os pasos necesarios para a recuperación

116678

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:00
Nº Rexistro: 36066
Data envio: 06/09/2018 13:00:28.384

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos terreos de dominio público (12.000m2), facendo oficial o final da concesión e reclamando a aprobación dun proxecto de desmantelamento e descontaminación dos terreos ocupados pola fábrica.

Ao tempo que se levan a cabo os labores de desmantelamento e descontaminación, que suporán unha importante carga de traballo, se de verdade existe interese por manter o emprego a Xunta de Galiza debe poñerse mans á obra para buscar un emprazamento alternativo

Neste caso, a folla de rota ten que ser a establecida No Protocolo asinado en outubro de 2013 que prevía o seguinte:

- 1º Cesamento da actividade de maneira improrrogable na ría a finais de 2016.

2º Compromiso da empresa de non solicitar prórroga da concesión (caducidade en 2018).

3º Compromiso da empresa de presentar dúas propostas de ubicación alternativa, unha delas na área de influencia de Pontevedra.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar o goberno do Estado

1. Que decrete a caducidade da concesión outorgada á empresa Elnosa en terreos de dominio público marítimo terrestre en Lourizán (Pontevedra).

116679

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:00
Nº Rexistro: 36066
Data envio: 06/09/2018 13:00:28.384

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Que reclame á empresa a elaboración e desenvolvemento –logo da súa aprobación- dun proxecto de descontaminación e rexeneración dos terreos ocupados pola fábrica.

Asemade, o parlamento insta ao Goberno galego a velar polo cumprimento do protocolo asinado coa empresa Elnosa en 2013, no que se prevía a presentación pola empresa de dúas propostas alternativas para un novo emprazamento da factoría, unha delas na comarca de Pontevedra."

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 12:54:41

116680

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:00
Nº Rexistro: 36066
Data envio: 06/09/2018 13:00:28.384

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 12:55:06

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 12:55:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 12:55:09

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 12:55:11

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 12:55:13

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:16
Nº Rexistro: 36071
Data envio: 06/09/2018 13:16:37.650

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa pública SEAGA leva sendo unha peza clave/importante no conxunto do dispositivo de prevención e extinción de Incendios Forestais dos últimos 11 anos. Oito deles con Conselleiros nomeados polo actual Presidente da Xunta.

O dispositivo de SEAGA organízase en función das necesidades marcadas pola propia Consellería do Medio Rural, actúa baixo o mesmo mando que o dispositivo de SPDCIF da Consellería e de xeito conxunto co mesmo. A estas alturas non é algo esóxeno e alleo ó mesmo.

A experiencia, profesionalidade, sacrificio e eficacia dos seus membros ten sido demostrada nas súas actuacións no combate directo contra o lume que enfrontaron en todas estas campañas pasadas.

O desperdicio de recursos económicos e humanos que suporía, para a o sector público galego, o desprenderse do capital humano no que a propia Consellería estivo investindo nos últimos anos (formación, experiencia, capacidades...), e do organizativo e estrutural que a entidade posúe.

116682

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:16
Nº Rexistro: 36071
Data envio: 06/09/2018 13:16:37.650

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos a falar da anunciada reorganización do servizo de prevención, defensa e extinción de incendios forestais a partir do 2.019 sen que por parte da dirección da empresa teña habido ningún comunicado ós traballadores que actualmente traballan neses servizos a respecto do seu futuro laboral.

Resulta irracional, e fóra de toda lóxica de xestión axeitada dos recursos públicos, prescindir do capital humano que a propia Consellería formou nestes anos a traveso de SEAGA e para o que destinou recursos públicos.

Faise de todo necesario que de xeito inmediato se habiliten as disposicións necesarias para que se modifique a normativa actual, e a experiencia destes traballadores e traballadoras sexa baremable á hora da súa inclusión nas listas de contratación da Xunta de Galiza.

De non ser feito así ímonos atopar coa situación perversa, provocada por unha decisión política, de que os traballadores que puxeron en risco as súas vidas traballando cóbado con cóbado na primeira liña de combate contra os lumes forestais, baixo o mesmo mando, de xeito coordinado polos mesmos responsables, sometidos ós mesmos riscos e ós mesmos sacrificios, a Consellería vainos a dividir en dúas castes: traballadores de primeira e de segunda, en función de quen lles fixese o contrato nesa campaña, e non do traballo que leven desempeñado na súa vida profesional. De xeito coloquial e para que se entenda ben: "se te contratou un Distrito Forestal "váleme" a túa experiencia e puntúocha nas listas, pero si te contratou SEAGA nese mesmo Distrito, e fuches ós mesmos lumes có teu compañeiro da "Xunta", e a pesar de que compartiches día e noite con el os seus traballos e riscos, non me "vale" a túa experiencia e non cha puntúo.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:16
Nº Rexistro: 36071
Data envio: 06/09/2018 13:16:37.650

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os contratos nas brigadas municipais si que son recoñecidos e baremables, independentemente de se foron ó "lume" ou non. É dicir, se o Goberno galego non adopta as medidas oportunas para emendar esta eiva, a Conselleira estará mandando a seguinte mensaxe: só recoñezo os méritos dos traballadores que contrataron os Concellos, e dos que a Consellería contratou directamente, pero non a dos traballadores que traballaron para a Consellería a través do seu medio propio como é a empresa pública SEAGA.

En agosto asinouse o convenio entre a Xunta, a FEGAMP e máis SEAGA para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias que suporá un aumento considerable da carga de traballo para a empresa, representando a ocasión propicia para aumenta-lo tempo de traballo anual para o persoal de SEAGA que actualmente presta servizos só determinados meses do ano.

Estas reivindicacións foron postas sobre da mesa a 4 de setembro polo comité de folga da sección sindical da CIG nunha convocatoria de folga indefinida a partir do 16 de setembro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Habilita-las disposicións necesarias para que se modifique a normativa actual, e a experiencia dos traballadores e traballadoras de SEAGA sexa baremable á hora da súa inclusión nas listas de contratación da Xunta de Galiza.

-Aplica-lo V Convenio ó persoal de SEAGA.

116684

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:16
Nº Rexistro: 36071
Data envio: 06/09/2018 13:16:37.650

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Elimina-lo protocolo que establece tarefas de prevención e extinción no período de risco de incendios forestais.

-Que na anunciada reestruturación do SPDCIF se conte co persoal de SEAGA con experiencia no servizo de prevención, defensa e extinción de incendios forestais.

-Que no anunciado aumento da carga de traballo que se desprende do convenio asinado coa Xunta e a FEGAMP para a xestión das franxas de biomasa, se conte co persoal de SEAGA que actualmente presta servizos só determinados meses do ano aumentando o seu tempo de traballo anual.”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

116685

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:16
Nº Rexistro: 36071
Data envio: 06/09/2018 13:16:37.650

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 13:12:53

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 13:13:03

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 13:13:04

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 13:13:06

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 13:13:07

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 13:13:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:36
Nº Rexistro: 36085
Data envio: 06/09/2018 13:36:22.494

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 4.ª, sobre a apertura do auditorio de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O auditorio de Lugo parece que se aproxima á súa apertura ao público tras moito tempo de vagar sen rumbo fixo. O acordo entre a administración local de Lugo e o Goberno autonómico para levar a cabo o proxecto asinouse en agosto de 2004. A idea inicial era converter o cuartel de San Fernando nun auditorio e centro cultural, pero os plans orixinais mudaron ben pronto. O auditorio que finalmente chegou a inaugurarse en 2016, malia carecer de equipamento e permanecer pechado ao público, está agora nunha parcela titularidade da Xunta no barrio de Magoi.

O obxectivo que tiña Feijóo, entón conselleiro, era que as obras do auditorio arrincasen convenientemente no 2005, ano electoral, pero iso non aconteceu. Nese ano produciuse un cambio de Goberno. A Xunta comezou entón a dubidar da idoneidade do proxecto, xa que a proposta arquitectónica que gañara o concurso de ideas organizado polo Concello tiña un impacto na contorna que o departamento de Patrimonio do Goberno consideraba prexudicial. No mesmo sentido pronunciouse o ICOMOS no ano 2007. O organismo consultivo da Unesco denunciou que a obra facía perigar a declaración de Patrimonio da Humanidade da Muralla de Lugo, sita a 100 metros do lugar.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:36
Nº Rexistro: 36085
Data envio: 06/09/2018 13:36:22.494

Así, no 2008 o Goberno bipartito decidiu propoñer unha alternativa: trasladar o centro cultural a unha parcela propiedade da Xunta. O Goberno asumía a construción do auditorio para cederllo ao Concello unha vez rematado.

Na sinatura do novo acordo, a Consellería de Política Territorial estimou que a licitación das obras se produciría no ano 2009, pero o adianto das eleccións galegas obrigou a dilatar novamente o proxecto.

Foi entón cando Feijóo regresou ao Goberno, agora como Presidente. O seu entón conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, prometeu que o auditorio custaría 13,4 millóns de euros e que estaría rematado a finais de 2013. Non obstante, os feitos quitáronlle a razón pouco despois. As obras foron licitadas no 2010 e adxudicadas en 2011 por 18 millóns de euros e un prazo de execución de tres anos. O prazo de execución, como ben sabemos, non se cumpriu, e non foi ata o 20 de abril de 2016 que Feijóo inaugurou o auditorio, pese a que, como dixemos, non contaba aínda cos recursos necesarios para o seu desfrute.

Quedaba entón por resolver o tema do equipamento, que tiña un coste estimado de 3,5 millóns de euros. A Xunta propuxo entón facerse cargo do pagamento a cambio de que o Concello non lle cobrase o imposto de bens inmobles de varios edificios, entre eles o do hospital Lucus Augusti, durante seis anos. Así o acordaron as dúas administracións e así o plasmaron nun novo convenio.

Tras todo este periplo, o auditorio continúa pechado ao público cun gasto mensual recoñecido por Medio Ambiente de 6.004, 38 euros, o que nos fai preguntarnos polo custe total dun proxecto que avanzou de frustración en frustración e cuxo final descoñecemos a día de hoxe.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:36
Nº Rexistro: 36085
Data envio: 06/09/2018 13:36:22.494

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

- Ante esta situación, o Parlamento insta á Xunta de Galicia a abrir o auditorio de Lugo antes do remate do presente ano.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Luís Villares Naveira
Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 06/09/2018 13:33:29

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/09/2018 13:33:35

Luis Villares Naveira na data 06/09/2018 13:33:42

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:44
Nº Rexistro: 36088
Data envio: 06/09/2018 13:44:41.478

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. Máis aínda, nun contexto social preocupante de aumento da pobreza, o acceso á enerxía, particularmente á eléctrica, é unha necesidade de primeira orde que está a ser impedida polo seu alto custo.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxeno dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico. Tamén no carbón, acrecentado posteriormente o desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade. Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparellados uns moi importantes custos

116690

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:44
Nº Rexistro: 36088
Data envio: 06/09/2018 13:44:41.478

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.

Máis aínda, por riba de non beneficiármonos do papel produtor, as e os galegos soportarán as consecuencias dos suplementos autonómicos no incremento das súas facturas, feito que demostra a falsidade sostida por todas as forzas estatais de que no Estado existe unha única factura. A tal esperpento sumase o récord histórico de prezo da electricidade no ano 2018.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que evite as dificultades as persoas con menor capacidade económica, contribúa á competencia empresarial e actúe de freo da desindustrialización. Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e posibilitar o seu desenvolvemento económico e industrial.

Por iso, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a rectificar a súa posición contraria unha tarifa eléctrica galega por ser prexudicial para a cohesión social e o desenvolvemento económico e industrial do país polo que se insta a demandar do goberno central unha modificación da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector

116691

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:44
Nº Rexistro: 36088
Data envio: 06/09/2018 13:44:41.478

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Eléctrico de cara a facilitar o seu desenvolvemento, para o que se demanda que a fixación das peaxes e cargos teñan en conta a condición de excedentaria na produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción."

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 13:40:13

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 13:40:18

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 13:40:19

116692

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:44
Nº Rexistro: 36088
Data envio: 06/09/2018 13:44:41.478

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 13:40:21

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 13:40:23

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 13:40:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36108
Data envio: 06/09/2018 16:21:05.468

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Mª Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López** e **Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia foi pioneira na creación do Programa de Vivendas Baleiras, mediante o cal, e en colaboración coa Fegamp, se puxo á disposición dos concellos galegos un conxunto de ferramentas destinadas a sacar ao mercado de alugueiro vivendas que se atopan desocupadas.

O Ministerio de Fomento introduciu na política de vivenda estatal, a través do Plan de Vivenda, medidas destinadas a fomentar a saída ao mercado de vivendas baleiras, seguindo a filosofía do programa creado pola Xunta de Galicia.

Da mesma maneira, diversos concellos galegos teñen anunciado programas propios similares ao da Xunta, que de momento non están operativos.

O convenio asinado coa Fegamp prevía un prazo de execución de tres anos, que remata no próximo 2019.

Por estes motivos, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a prorrogar a vixencia do Programa de Vivendas Baleiras, en colaboración coa Fegamp, e incluír no mesmo novas medidas que estimulen a incorporación de vivendas alí onde son máis necesarias".

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2018 16:05:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36108
Data envio: 06/09/2018 16:21:05.468

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Jaime Castiñeira Broz na data 06/09/2018 16:05:24

Martín Fernández Prado na data 06/09/2018 16:05:32

Jacobo Moreira Ferro na data 06/09/2018 16:05:45

Marta Novoa Iglesias na data 06/09/2018 16:05:57

María Julia Rodriguez Barreira na data 06/09/2018 16:06:09

Gonzalo Trenor López na data 06/09/2018 16:06:19

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 06/09/2018 16:06:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36110
Data envio: 06/09/2018 16:21:29.155

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Mª Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López** e **Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de motivos

Se ben a Xunta de Galicia ten competencia exclusiva en materia de política de vivenda na Comunidade Autónoma, a Lei Reguladora das Bases de Réxime Local establece, no seu artigo 25 (punto 2.ª) que entre as competencias dos concellos se atopan a "Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación".

A meirande parte dos concellos galegos non exercen esta competencia. É comprensible naqueles de menor poboación e recursos insuficientes para dotarse dun parque público de vivendas.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia conta cun parque público de vivendas en alugueiro e axudas destinadas aos concellos que poden facilitar a constitución dun parque público de vivenda en alugueiro destinada ás familias de menos recursos. Entre esas axudas están o Fondo de Cooperación cos concellos, o programa de rehabilitación de vivendas de Mestres e outros colectivos, as axudas para infravivenda rural, etc..

No programa electoral có que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, dentro da política de vivenda recollíase un compromiso específico de que "Buscarase a colaboración e implicación dos concellos para asumir as actuacións de reurbanización dos espazos públicos, así como adoptar medidas orientadas a facilitar as actuacións de rehabilitación".

Por estas razóns, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a fomentar, en colaboración coa Fegamp, a constitución de parques públicos de vivenda en alugueiro social nos concellos de menos de 20.000 habitantes, co emprego simultáneo das liñas de axudas

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36110
Data envio: 06/09/2018 16:21:29.155

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

de que dispón a Xunta de Galicia para a rehabilitación de vivendas de titularidade municipal”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2018 16:13:34

Jaime Castiñeira Broz na data 06/09/2018 16:13:44

Martín Fernández Prado na data 06/09/2018 16:13:50

Jacobo Moreira Ferro na data 06/09/2018 16:13:58

Marta Novoa Iglesias na data 06/09/2018 16:14:05

María Julia Rodriguez Barreira na data 06/09/2018 16:14:12

Gonzalo Trenor López na data 06/09/2018 16:14:19

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 06/09/2018 16:14:28

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36112
Data envio: 06/09/2018 16:22:48.062

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Mª Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López** e **Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de motivos

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, existía un epígrafe específico sobre a recuperación dos cascos históricos. Dentro das medidas contempladas neste epígrafe contemplábanse medidas de intervención pública directa "orientadas a conseguir a rehabilitación de aqueles cascos ou edificacións que están especialmente degradados e que requiren, polo tanto, unha maior intervención pública para conseguir a súa rehabilitación".

Particularmente, unha das propostas era un programa denominado Rexurbe do que se avanzaba que "Se realizarán intervencións directas e intensas de carácter público adquirindo e rehabilitando edificacións completas para conseguir a recuperación de espazos urbanos moi degradados onde a iniciativa privada non realiza ningunha intervención debido ao alto grado de deterioro ou marxinalidade do ámbito. Deste xeito, se recuperarán importantes espazos urbanos conseguindo dinamizar economicamente estes ámbitos, protexer o patrimonio construído e fixar poboación nos cascos históricos de Galicia".

En cumprimento dese compromiso electoral, en 2017 a Xunta de Galicia creou o programa Rexurbe, destinado á adquisición e rehabilitación de vivendas en conxuntos históricos, e este mesmo ano realizou a primeira oferta pública de adquisición de inmobles en Betanzos, Ferrol, Lugo e Ourense, cuxos resultados agardamos coñecer antes de que remate este ano 2018.

A aposta decida da Xunta de Galicia pola rehabilitación directa en conxuntos históricos xa deu froitos no Casco Vello de Vigo, no barrio lucense da Tinería ou no Casco de Vello de Ourense, entre outros, demostrando que se trata dunha liña de actuación que debe manterse no tempo e incrementarse dentro do posible.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36112
Data envio: 06/09/2018 16:22:48.062

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Por iso, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar coa aplicación do programa Rexurbe, executando as obras de rehabilitación dos inmobles que se adquiran na convocatoria de 2018 e realizando novas convocatorias públicas de adquisición de inmobles"

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2018 16:16:46

Jaime Castiñeira Broz na data 06/09/2018 16:16:55

Martín Fernández Prado na data 06/09/2018 16:17:00

Jacobo Moreira Ferro na data 06/09/2018 16:17:08

Marta Novoa Iglesias na data 06/09/2018 16:17:15

María Julia Rodriguez Barreira na data 06/09/2018 16:17:28

Gonzalo Trenor López na data 06/09/2018 16:17:35

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 06/09/2018 16:17:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 16:32
Nº Rexistro: 36119
Data envio: 06/09/2018 16:32:24.765

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente a situación do río ourensán Barbaña. As agresións a este río teñen sido unha constante ao longo da historia recente e urxe unha corrección de actitude por parte das administracións implicadas na responsabilidade desta situación.

Recentemente, o pasado día 10 de xullo de 2018 celebrouse o xuízo pola contaminación producida no ano 2009, feito que provocou, ademais dunha grande alarma social a morte de máis de 17.000 mil peixes. Case unha década despois destes acontecementos, a situación non ten mellorado cualitativamente canto á vixilancia, prevención e reparación. Este xuízo celebrouse grazas á persistencia e teimosía das asociacións de veciñas e veciños de San Breixo de Seixalbo, Ponte Noalla, San Cibrao das Viñas e a Asociación Barbaña (Ourense), que se persoaron na causa para que as denuncias non quedaran sen resposta. Lonxe de corrixirse a situación, pasado o tempo coñecemos verteduras recentes no último ano, como o de 5.000 litros de aceite e alcatrán en xuño.

116700

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 16:32
Nº Rexistro: 36119
Data envio: 06/09/2018 16:32:24.765

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o BNG denunciamos o pasado 5 de setembro unha nova agresión medioambiental contra o río Barbaña. A primeiras horas da tarde podía verse unha nova vertedura de cor verdoso no río. Un vertido que se ven a sumar aos recentes vertidos de aceite do mes de xuño.

Xunta de Galiza, Concello e Confederación Hidrográfica Miño Sil deben aumentar a preocupación por este río e poñer solucións para que se remate dunha vez por todas coa permisividade e impunidade coa que se veñen producindo estas verteduras incontroladas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver un plan de saneamento e recuperación ambiental do río Barbaña en colaboración coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Universidade de Vigo, os concellos e asociacións veciñais e ambientais implicadas. Así mesmo, estabelecer unha partida específica para tal efecto nos Orzamentos de 2019.

2. Aumentar os mecanismos e recursos de inspección e desenvolver controis propios sobre o río con especial atención ao seu paso polo núcleo urbán e polas zonas de polígonos industriais."

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

116701

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 16:32
Nº Rexistro: 36119
Data envio: 06/09/2018 16:32:24.765

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 16:29:22

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 16:29:27

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 16:29:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 16:29:29

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 16:29:31

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 16:29:32

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 16:48
Nº Rexistro: 36125
Data envio: 06/09/2018 16:48:25.437

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez** e **Patricia Otero Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

A posibilidade perdida de acoller o Laboratorio Europeo de Control Bacteriolóxico de Bivalvos supuxo un episodio de errática xestión por parte da Xunta de Galicia, por incapacidade para xestionar o que tería sido unha oportunidade de referenciar aínda máis a potencialidade galega sobre a investigación e a súa posición predominante sobre bivalvos e produción marisqueira.

Non entanto, a Xunta de Galicia amosou unha nefasta xestión do procedemento, anunciando unha candidatura que nunca se produciu realmente, e pretendendo realizar en base a estes anuncios unha campaña de autobombo publicitario que resultou estar baseada en falsidades, incongruencias e a real inexistencia deste procedemento.

Nas diversas ocasións que no Parlamento de Galicia ten sido tratada esta cuestión, non a petición do Grupo Popular ou da Xunta de Galicia senón por obriga, as respostas e explicacións ofrecidas teñen sido diversas, confusas e practicamente aleatorias. De inicio non ten existido recoñecemento de erros, imprecisións ou equívocos no proceso, e so nas últimas explicacións e posicións defendidas polo Goberno da Xunta de Galicia ou polo Grupo Popular ten ofrecido, de maneira tanxencial, algunha argumentación que recoñece que non se fixo o procedemento debidamente, caendo en incongruencias e inconsistencias.

Nos últimos casos, a Xunta de Galicia anunciou estar traballando en conquerir que se revertera a situación resolta no seo da UE, que contou co voto a favor dos representantes do anterior Goberno Central e que estaba en contra do anunciado pola Xunta de Galicia. A pesares deste

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 16:48
Nº Rexistro: 36125
Data envio: 06/09/2018 16:48:25.437

anuncio, o responsable do Comité Europeo que resolveu e debateu sobre esta cuestión vén de anunciar que non existen esas intencións e non se está a realizar ningún procedemento formalmente nesa liña. Unha nova incongruencia e unha nova fuxida cara adiante que non parece minimamente seria.

Debido ás últimas informacións proporcionadas dende a Unión Europea, e con fin de resolver cales foron os procesos realizados e poder saber por que a Xunta de Galicia, co presidente da Xunta de Galicia á cabeza, anunciaron e promulgaron un procedemento e unha candidatura que nunca existiu, semella necesario clarificar con realidade o ocorrido e resolver a situación para que non se volva a dar e poder estar en condicións de aspirar a novas oportunidades futuras sen que a imaxe de Galicia se vexa danada pola súa ineficiencia, como ten pasado coa xestión deste caso preciso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar un informe que inclúa toda a documentación e material elaborado para aspirar a acoller o Laboratorio Europeo de Control Bacteriolóxico de Bivalvos, e que refira todas as xuntanzas realizadas ao respecto coas persoas involucradas no proceso.

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 16:48
Nº Rexistro: 36125
Data envio: 06/09/2018 16:48:25.437

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 06/09/2018 16:42:59

María Dolores Toja Suárez na data 06/09/2018 16:43:05

Patricia Otero Rodríguez na data 06/09/2018 16:47:08

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/09/2018 16:47:13

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:13
Nº Rexistro: 36135
Data envio: 06/09/2018 17:13:20.452

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.ª,** sobre as probas de oposición para o ensino público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de xuño celebráronse no conxunto do Estado unhas polémicas oposicións para cubrir prazas de profesores de Secundaria, de Formación Profesional, de Idiomas nas Escolas Oficiais, de Música e Artes Escénicas, e de Artes Plásticas e Deseño. A convocatoria saldouse cun inusitado volume de suspensos que non parece ter explicación.

A concorrencia de opositores foi notable, pero, segundo os sindicatos, nin foi masiva nin dende logo foi inesperada. Agardábase unha gran cantidade de xente debido a que moitas convocatorias levaban anos sen celebrarse por mor dos recortes do decreto 14/2012.

Tralos exames e a publicación das notas, chegou a sorpresa. En Murcia, Castilla-La Mancha, Madrid, Andalucía, Canarias, Galicia... suspendera unha alta porcentaxe das persoas examinadas, moitas delas profesionais interinas que levan décadas dando clase ou investigadores de longa traxectoria.

A situación provocou un fondo malestar entre os opositores e opositoras, como é comprensible. Segundo eles, as causas dos numerosísimos suspensos son, entre outras:

- A saturación dos tribunais, que afrontaron un exceso de traballo, ao ter que ler preto de cen exames en só un par de semanas.
- Que os exames foran tipo test, sen posibilidade ningunha de interpretar as respostas.
- E a opacidade nos procesos de corrección.

Estas eivas non son puntuais nin propias dunha comunidade concreta, senón que se repetiron ao longo do territorio, poñendo de manifesto que existe un severo problema estrutural na convocatoria, execución e corrección das probas que afrontan os opositores.

A cuestión da opacidade merece mención aparte. Os opositores non coñecen os criterios cos que van ser corrixidos os exames ata días antes de que se celebren estes; criterios que, en calquera caso, son tan vagos e xenéricos que resulta imposible anticipar como se concretaran durante o proceso de avaliación. Ao anterior hai que sumar que, cando se producen reclamacións, os tribunais non teñen a obriga de ensinar os exames corrixidos, polo que os aspirantes poden non chegar a coñecer en que se equivocaron. Todo isto complicase polo feito de que non existen textos de referencia compartidos, xa que os opositores teñen que elaborar eles os seus propios temarios, co risco de que os manexados polo tribunal difiran significativamente.

Nada do dito ata aquí é alleo a Galicia. Ás oposicións de educación do presente ano presentáronse 16.600 candidatos e candidatas, dos cales só 1.783 superaron as probas, malia que a convocatoria era de 2.050 prazas. 327 prazas quedaron sen adxudicar, a maior parte delas do apartado de promoción interna. Das 397 prazas convocadas neste apartado só se cubriron 156. O 60% restante quedou deserta.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:13
Nº Rexistro: 36135
Data envio: 06/09/2018 17:13:20.452

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

As cifras falan, tamén na nosa comunidade, dun fracaso no deseño e desenvolvemento das oposicións que, por responsabilidade, tería que emendarse de inmediato.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Publicar os criterios de corrección dos exames xunto coa convocatoria dos mesmos. Os criterios terán que ser claros e concretos, evitando vaguidades e xeneralidades que favorezan a discrecionalidade do tribunal.
- Recoñecer o dereito dos opositores e opositoras a revisar os seus exames corrixidos e, polo tanto, obrigar aos tribunais a que os ensinen.
- Reducir a porcentaxe de aspirantes por tribunal.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:13
Nº Rexistro: 36135
Data envio: 06/09/2018 17:13:20.452

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luca Chao Pérez na data 06/09/2018 17:08:09

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/09/2018 17:08:15

Luis Villares Naveira na data 06/09/2018 17:08:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:16
Nº Rexistro: 36137
Data envio: 06/09/2018 17:16:50.515

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputada, **José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez** e **Miguel Prado Patiño,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Exposición de motivos

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 contén unha análises DAFO que identifica 21 deficiencias que afectan a noso país. Destas 21 deficiencias, hai dúas que están especialmente relacionadas coa estrutura territorial das nosas explotacións: Deficiencia 09: Debilidad estructural de la agricultura e D 12: Atomización de la producción:

Galicia suma un total de 647.600 ha. de superficie agraria útil. O 98 % das 81.170 explotacións contan con superficie, aínda que a escasa dimensión da SAU e o elevado número de parcelas e unha constante definitoria da estrutura agraria das explotacións galegas. A media por explotación é de 8,2 ha., valor moi inferior a media de España (24,0) ou a da UE27(14,3). Por outra banda, mais do 63% teñen unha SAU inferior a 5 ha. e apenas o 10 % supera as 20 ha. .O elevado número de explotacións e a súa escasa dimensión dificulta o acceso a economías de escala e reduce a capacidade de negociación na comercialización.

A vista dos datos resulta claro que temos un problema estrutural de moita magnitude asociado a escasa dimensión da base territorial das nosas explotacións. A loita contra as deficiencias estruturais do noso agro, coma as que afectan a escasa base territorial

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:16
Nº Rexistro: 36137
Data envio: 06/09/2018 17:16:50.515

das nosas explotacións, ten que ser un dos obxectivos fundamentais do Goberno galego. Para elo, faise necesario por en marcha mecanismos de reestruturación e mobilización das terras produtivas.

Neste senso, debemos impulsar os mecanismos recollidos na Lei de mobilidade de terras e a Lei de mellora da estrutura agraria de Galicia (METAGA), aprobadas nas últimas lexislaturas. Dentro deses mecanismos ten unha importancia fundamental a reestruturación parcelaria como instrumento destinado a mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias galegas, atendendo a criterios de ordenación axeitada e sustentable dos mesmos e dos seus cultivos, perseguindo a súa utilidade económica e social, co fin de fixar poboación no rural.

Neste eido, xa hai un compromiso firme do goberno de pechar nesta lexislatura todos os procesos de concentración parcelaria abertos en 132 zonas, que afectan a 117.133 hectáreas e 91.554 propietarios. 80 millóns de euros no conxunto da lexislatura.

Ademais do desenvolvemento deste compromiso e dada a importancia que a reestruturación parcelaria ten para o obxectivo de mellorar a estrutura territorial das nosas explotacións, o Grupo Parlamentario Popular considera necesario que se continúe a potenciar este instrumento, procedendo a apertura de novas zonas de reestruturación parcelaria naquelas partes do noso territorio no que haxa explotacións agro gandeiras e forestais que requiran de maior base territorial para garantir a súa rendibilidade.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:16
Nº Rexistro: 36137
Data envio: 06/09/2018 17:16:50.515

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a proceder á apertura de novas zonas de concentración parcelaria de interese agro-gandeiro e forestal para rendibilizar as explotacións actuais".

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2018 17:13:45

José González Vázquez na data 06/09/2018 17:13:53

Raquel Arias Rodríguez na data 06/09/2018 17:14:01

Silvestre Balseiros Guinarte na data 06/09/2018 17:14:09

Moisés Blanco Paradelo na data 06/09/2018 17:14:15

Carlos Gómez Salgado na data 06/09/2018 17:14:22

Daniel Vega Pérez na data 06/09/2018 17:14:29

Jesús Miguel Prado Patiño na data 06/09/2018 17:14:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:17
Nº Rexistro: 36139
Data envio: 06/09/2018 17:17:14.702

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputada, **José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez** e **Miguel Prado Patiño,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Exposición de motivos

O pasado mes de xuño o Director Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural participou en Macedonia no *X Encontro Internacional da Rede da Terra*, celebrada na cidade de Skopje, aproveitando o encontro para a presentación da Lei da METAGA e comentar a situación das parcelarias en Galicia. Así mesmo, xa no pasado mes de outubro, acudiu a Budapest, para compartir os coñecementos e presentar os proxectos de mobilidade de terras que se están levando a cabo na nosa Comunidade.

A invitación partiu conxuntamente da FAO (Food and Agriculture Organization of the United Nations) e da UNECE (United Nations Economic Commission for Europe), co fin de presentar neste congreso o marco legal sobre a concentración parcelaria e os coñecementos en materia de reorganización do territorio e aproveitamentos dos recursos territoriais. Así, Galicia foi unha das rexións invitadas, xunto cos países de Alemaña, Holanda, Dinamarca, Finlandia, Turquía e Lituania.

Nesta experiencia internacional, o Director Xeral de Desenvolvemento Rural participou activamente na presentación da Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (Metaga) e aproveitou para dar a coñecer a situación galega en materia de

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

reestruturación do territorio; así como as iniciativas que se están desenvolvendo de mobilización de zonas agrarias a través do Banco de Terras de Galicia.

Neste sentido temos que lembrar que o fenómeno da desagrarización afectou aos diferentes países desenrolados dende mediados do século XX, sendo un problema que trae consigo a perda de superficie agraria útil. Sen embargo, a actividade agro gandeira, aínda que perdeu moito peso no que se refire a súa aportación en valor engadido e postos de traballo, segue a ser un elemento estratéxico para todos os gobernos destes países, que levan a cabo iniciativas de mobilización da terra produtiva para apoiar a viabilidade e mellorar a rendibilidade das súas explotacións agrarias.

Neste contexto cobra especial importancia participar en encontros como a referido nesta exposición de motivos, nos que a Xunta de Galicia poida expoñer as súas propostas de mobilización de terras produtivas e o mesmo tempo, coñecer as experiencias doutros países.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a fomentar a participación de Galicia en experiencias internacionais de intercambio e coñecemento con países e rexións que teñan en marcha tamén iniciativas de mobilización das terras agrarias”.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:17
Nº Rexistro: 36139
Data envio: 06/09/2018 17:17:14.702

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2018 17:12:11

José González Vázquez na data 06/09/2018 17:12:19

Raquel Arias Rodríguez na data 06/09/2018 17:12:27

Silvestre Balseiros Guinarte na data 06/09/2018 17:12:35

Moisés Blanco Paradelo na data 06/09/2018 17:12:42

Carlos Gómez Salgado na data 06/09/2018 17:12:48

Daniel Vega Pérez na data 06/09/2018 17:12:56

Jesús Miguel Prado Patiño na data 06/09/2018 17:13:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:24
Nº Rexistro: 36142
Data envio: 06/09/2018 17:24:05.405

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas a tomar diante da proliferación de microcistina no encoro do Umia en Caldas de Reis e a necesidade da súa demolición.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O encoro da Baxe no concello de Caldas de Reis sobre o río Umia, foi xustificado nunha utilidade pública baseada nunha demanda de auga e nunha contención das enchentes, e non serviu a ningún dos fins alegados, porque nunca foi ese o obxectivo. O obxectivo real foi o aproveitamento hidroeléctrico para negocio e beneficio dunha empresa.

O encoro non evitou ningún dos problemas e pola contra creou novos como a invasión nas augas do mesmo da alga tóxica Microcristais aeroginosa, unha cianobacteria que produce a microcistina, unha toxina difícil de detectar, de eliminar e de efectos acumulativos.

Unha gravísima toxicidade da auga que ven a ratificar que o encoro non é a solución senón o problema para o abastecemento de auga non só de Caldas, senón de toda a comarca do Salnés.

Neste verán as augas do encoro de Caldas está a sufrir, máis unha vez, a invasión desta alga, e foi determinada por parte da Consellaría de Medio Ambiente e

116716

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:24
Nº Rexistro: 36142
Data envio: 06/09/2018 17:24:05.405

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ordenación do Territorio a "alerta por afloramento de cianobacterias" o 6 de xullo de 2018. Segundo a propia información colgada na páxina da consellaría de Medio Ambiente desde mediados de agosto había detectada presenza de microcistina en todos os puntos de mostraxe do Umia: A Baxe Presa, a Baxe cola, Segade, Rabuñade, Ponte Baión e Ponte Arnelas.

Estamos diante dun problema de saúde pública e ambiental que afecta a arredor de 150.000 persoas das comarcas de Caldas e o Salnés que se abastecen de auga para o consumo do río Umia.

A pesares desta alerta, por parte da Xunta de Galiza non se ten tomado ningunha medida de protección da poboación que consume esta auga, río abaixo, como é o caso de toda a comarca do Salnés. Pola información de que dispón o BNG ningún dos puntos de captación, nin as estacións depuradoras, dispoñen de sistemas de depuración efectivos contra esta bacteria, xa que só usan cloro e non carbono.

A Organización Mundial da Saúde advirte de que aínda con doses pequenas provoca importantes danos para a saúde, fígado, sistema hepático en xeral, problemas intestinais, sistema nervioso central, condutora de procesos tumorais... Polo tanto a presenza na auga de calquera cantidade ten que ser obxecto de preocupación, máis se a concentración é en niveis tan elevados como os que se rexistran no encoro.

Non podemos dar como normal que cada verán se dea a mesma situación de risco sobor de todo despois de ter investido máis de 20 millóns de euros no Plan de xestión Integral para a bacía do rio Umia "Plan Umia", que segundo se non dixo ía dar unha solución definitiva ao problema da entrofización, ou logo de actuacións máis urxentes para evitar a proliferación anual das cianobacterias no encoro como a cortiza de eucalipto. Actuacións nefastas con derroche de fondos públicos sen que se teña resolto o máis mínimo o problema.

116717

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:24
Nº Rexistro: 36142
Data envio: 06/09/2018 17:24:05.405

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego:

- Intensificar os controis da auga do río Umia desde o encoro da Baxe en Caldas

- Informar á poboación da situación na que se atopa a auga e se é preciso limitar o uso tanto para o consumo como para o baño.

- Dotar de inmediato, en colaboración cos concellos, de medidas de protección efectivas contra a microcistina, cando menos filtros de carbono, ás ETAP situadas na zona de risco (Portas, Vilagarcía, Mancomunidade Salnés...)

- Proceder a desmantelar o encoro da Baxe sobre o río Umia, en Caldas de Reis, e a rescatar a concesión hidroeléctrica efectuada a unha empresa privada."

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

116718

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:24
Nº Rexistro: 36142
Data envio: 06/09/2018 17:24:05.405

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 17:11:45

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 17:11:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 17:11:53

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 17:11:55

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 17:11:56

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 17:11:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:35
Nº Rexistro: 36152
Data envio: 06/09/2018 17:35:59.827

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

O Goberno galego aprobou hai tempo o Decreto de creación do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia, no ámbito da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Segundo o propio Goberno, o Observatorio vai funcionar en Pleno e en grupos de traballo, pleno que se xuntará unha vez ao ano en sesión ordinaria, sen prexuízo doutras reunións e sesións extraordinarias cando así o acorde a Presidencia.

Aínda que creación dun Observatorio dos Ríos podería ter sido un avance na avaliación sobre a calidade ambiental dos recursos hídricos, lamentablemente a realidade non é esa. Xa dende o mes de xullo (de maneira recurrente nos veráns), o río Umia (encadrado na Confederación Hidrográfica Galicia Costa) atópase en estado de alerta por cianobacterias (microcistina) que tinguen de verde as augas do río e do encoro da Baxe, sen que o Goberno galego teña dado sinais de existencia; nin sequera se teñen achegado á zona. Este non é un problema menor, pois o río afecta, de maneira directa ao atravesar ou indirecta por ser utilizada a súa auga, a Concellos como Caldas, Cuntis, Moraña, Barro, Portas, Vilagarcía, Vilanova, Ribadumia ou Cambados. É dicir, afecta a un volume extenso de territorio e poboación que dependen dunha ou outra maneira do río Umia. A maiores, a veciñanza sofríu restricións para o baño durante o verán e é o propio Concello de Caldas o que está a asumir un alto custe económico (cun 25% de subrecuste) para que os seus veciños reciban auga de calidade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:35
Nº Rexistro: 36152
Data envio: 06/09/2018 17:35:59.827

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, en relación ao encoro da Baxe e ao río Umia, a que:

1. Elabore, antes de que remate o ano 2018, un proxecto integral de coidado e atención do encoro da Baxe que permita que a auga estea nas mellores condicións e que evite o sobrecuste en abastecemento que está a asumir o Concello de Caldas de Reis.
2. Encargue, antes de que remate 2018, a limpeza da canle do río Umia e do fondo do encoro da Baxe.
3. Convoque de forma urxente unha xuntanza extraordinaria de representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da Confederación Hidrográfica Galicia Costa, de Augas de Galicia e dos representantes de todos os concellos da conca do río Umia, aportándolles previamente toda a información necesaria para a dita xuntanza.
4. Que convoque de forma urxente unha xuntanza extraordinaria do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia ante a situación de alerta do encoro da Baxe e do río Umia.
5. Convoque, á maior brevidade, unha xuntanza cos responsables locais dos concellos afectados e se comprometa a facilitar de maneira continuada a información referida ao encoro e canle do río Umia favorecendo a coordinación entre administracións.

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:35
Nº Rexistro: 36152
Data envio: 06/09/2018 17:35:59.827

Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/09/2018 17:31:44

Julio Torrado Quintela na data 06/09/2018 17:31:49

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/09/2018 17:31:54

María Luisa Pierres López na data 06/09/2018 17:32:00

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/09/2018 17:32:04

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:54
Nº Rexistro: 36157
Data envio: 06/09/2018 17:54:21.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para a declaración da Ponte de Cruzul, no Concello de Becerreá, como Ben de Interese Cultural (BIC).

A Ponte de Cruzul, no concello de Becerreá, é a única construción neoclásica que se conserva actualmente na provincia de Lugo. Data do século XVIII, posúe uns 30 metros de altura, 90 metros de lonxitude e tres arcos de medio punto que o tornan nunha das infraestruturas máis valiosas do Camiño Real.

A ponte atópase recollida no Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta e tamén catalogado no PXOM de Becerreá.

Desde hai anos a veciñanza de Becerreá e o propio Concello, así como outras entidades e institucións, veñen reclamando a catalogación desta ponte como Ben de Interese Cultural en aras de garantir a súa protección, conservación e mantemento. Así o demandou formalmente o goberno municipal no ano 2009 e de novo a finais do 2017 cando remitiron a documentación necesaria e a solicitude de que se iniciase a súa declaración como BIC.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:54
Nº Rexistro: 36157
Data envio: 06/09/2018 17:54:21.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza rexeitou até o momento actuar argüíndo que a Ponte de Cruzul é titularidade do Ministerio de Fomento mentres que o Goberno español non fixo nada por responder ás demandas municipais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias diante do Goberno español para iniciar, no menor tempo posíbel, a declaración da Ponte de Cruzul (Concello de Becerreá) como Ben de Interese Cultural."

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

116724

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:54
Nº Rexistro: 36157
Data envio: 06/09/2018 17:54:21.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 17:53:18

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 17:53:23

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 17:53:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 17:53:26

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 17:53:27

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 17:53:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 18:24
Nº Rexistro: 36163
Data envio: 06/09/2018 18:24:00.905

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate na Comisión 6ª,relativa ao proxecto de instalación de depósitos de GLP no centro urbano de Boiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O anuncio do proxecto de instalación de 2 depósitos de 5.000 litros de Gas Propano (GLP) en pleno centro do casco urbano de Boiro por parte de Nedgia Galicia, empresa do grupo Naturgi (antiga Gas Natural Fenosa) fixo saltar a alarma entre a poboación, ante a incredulidade de que se tentara situar nunha zona densamente poblada e concorrida, ao ubicarse ao lado dun supermercado e numerosos negocios de restauración, unha instalación industrial potencialmente perigosa.

Instalacións industriais deste tipo deben situarse en áreas afastadas das vivendas como ocorre actualmente cos depósitos ubicados en Espiñeira. É imposible que o PXOM permita este tipo de instalacións no centro urbano, pero o Concello de Boiro, evidenciando unha absoluta falta de sensibilidade ante as lóxicas preocupacións dos veciños e unha total irresponsabilidade, non resposta a o requirimento da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia para dar a súa autorización urbanística a mencionada instalación industrial, coa escusa de que non conta nestes momentos con técnicos cualificados no seu persoal para facer esa certificación. Pola súa parte a Dirección Xeral de Enerxía e Minas

afirma que considerará o silencio administrativo por parte do Concello como positivo a instalación, cosa inaudita e inadmisible nunha instalación potencialmente perigosa como esta.

A finalidade da mencionada actuación de Naturgi é substituír o subministro existente en Boiro de Gas Propano (GLP) por Gas Natural, forzando a todos os actuais consumidores de GLP o seu traslado ao subministro con Gas Natural.
A compañía subministradora non xustifica de ningunha maneira no proxecto de instalación a necesidade técnica de que a instalación estea situada no centro da vila evidenciandose un mero interese de aforro de custos con respecto a ubicación mais lóxica como sería en terreos contiguos a actual instalación no polígono industrial de Espiñeira.

Un pequeno aforro de custos por parte da compañía subministradora, nun proxecto que fai polo seu propio interese, non xustifica poñer en risco a poboación e deteriorar de maneira moi importante as posibilidades de negocio de todos os establecementos comerciais e de hostalería contiguos a localización proposta por Naturgi.

O 29/05/2018 A Dirección Xeral de Enerxía e Minas ditou resolución pola que se autoriza a transmisión da titularidade das instalacións de distribución de GLP canalizado que Repsol ten en Boiro a favor de Nedgia Galicia (Naturgi), coa consecuente subrogación dos dereitos e obrigas asociados. A necesidade de garantir os dereitos adquiridos polos usuarios e usuarias nos seus contratos de subministro de gas propano fai que a autorización e outorgamento de licenza para acometer as obras de instalación de Gas Natural debería condicionarse en todo caso á necesidade de asegurar o subministro de gas propano aos veciños e veciñas afectados que así o desexen, e en todo caso garantir unha condicións de servicio e de prezo como mínimo similares as actuais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 18:24
Nº Rexistro: 36163
Data envio: 06/09/2018 18:24:00.905

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Instar ao Concello de Boiro e a Dirección Xeral de Enerxía e Minas a non autorizar a instalación da planta satélite de GLP na zona da Rúa do Corrillo prevista pola empresa, nin en outra área residencial do concello, ademais de polo risco, pola intranquilidade e mesmo alarma, que isto supón para a poboación. Ditaminando que dita instalación debe estar situada en zona industrial.

2.- Instar ao Concello de Boiro e a Dirección Xeral de Enerxía e Minas a que condicione a concesión de autorizacións e licencias ao cumprimento estrito da legalidade e da competencia e, sinaladamente a que afecta ós consumidores e usuarios. Garantirase en calquera caso o cumprimento dos dereitos adquiridos dos veciños e veciñas afectadas a contar co subministro de gas propano nas súas vivendas sen que teñan que verse forzosamente obrigados a cambiarse ao Gas Natural se non o desexan. E no caso de aceptar o cambio garantir que sexa nos mesmos termos de servizo e prezo.

3.- Instar ao Concello de Boiro e a Dirección Xeral de Enerxía e Minas a velar polos intereses da veciñanza para garantir a súa libre decisión de contratar o produto que crea máis convinte. Para iso o Concello deberá dar amparo á xente afectada ante a Xunta de Galicia personándose como parte interesada, en nome propio e da xente afectada protexendo os seus dereitos fronte a Naturgi ou calquera outra empresa que pretenda alterar as regras do mercado en detrimento do consumidor, tomando as accións que dende o Concello sexan oportunas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 18:24
Nº Rexistro: 36163
Data envio: 06/09/2018 18:24:00.905

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 06/09/2018 18:22:28

Luis Villares Naveira na data 06/09/2018 18:22:36

Cs Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
03 SET. 2018
Núm. 35635

A LA MESA DE LA CÁMARA DEL PARLAMENTO DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela

Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, inscrito en el Registro de Partidos Políticos con fecha 1 de junio de dos mil seis, en el Tomo V, folio 512 del Libro de Inscripciones y con CIF G-64283310, y en su nombre y representación Doña Olga Louzao Aldariz con DNI 33348378-B en calidad de portavoz de Ciudadanos en Galicia, al amparo de lo establecido en el artículo 17, de la *Ley 7/2015, de 7 de agosto, de Iniciativa Legislativa Popular y Participación Ciudadana en el Parlamento de Galicia*, **dirige la siguiente Pregunta:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A falta de cumprimento que se mantén dende decembro do ano 2015, por parte do Goberno de Venezuela á hora de realizar os pagos correspondentes ós xubilados e pensionistas galegos retornados despois dunha longa vida laboral naquel país, está a provocar unha situación de precariedade extrema e de emerxencia social. Estas persoas vense obrigadas a vivir na nosa terra sen ningún tipo de ingreso ó considerar as institucións españolas que seguen a percibir os seus ingresos procedentes de Venezuela. Por outra parte, o Goberno Venezolano tampouco recoñece esta situación de falta de pagamento, negando ós damnificados un documento acreditativo da situación.

Podemos falar dun colectivo de máis de 3.000 afectados en Galicia, a inmensa maioría, emigrantes retornados, segundo apunta a *Asociación de Pensionados y Jubilados de Venezuela en Galicia (APEJUVEG).*

É imprescindible ter en conta que o TSXG segue o mesmo criterio fixado no ano 2005 polo Tribunal Supremo e que xa foi aplicado polo mesmo TSXG en sentenzas anteriores, nas que asume que *"ten dereito ó complemento a mínimos quen ten recoñecida a súa pensión pola Seguridade Social de Venezuela, aínda que non lle sexa efectivamente satisfeita"*. É dicir; aínda que o réxime de Maduro non cumpra as

Ciudadanos Galicia
Avenida de Ferrol, 5. 15701 - Santiago de Compostela
galicia.accion.institucional@ciudadanos-cs.org

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
03 SET. 2018
Núm. 35635

Cs Galicia

súas obrigas, a Seguridade Social española debe aportar a prestación destas persoas ata acadar o mínimo importe da pensión de retiro do noso país, que é onde residen.

O Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión do día 4 de outubro de 2017 aprobou unha resolución na que *«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar o seu apoio aos galegos da diáspora, intensificando os programas de apoio ao retorno e, en particular, dirixíndose ao Goberno de España para que exhorte o goberno de Venezuela a asumir as súas responsabilidades cos galegos e galegas que residen en Venezuela ou que teñen retornado a Galicia e que teñen dereito a percibir unha pensión de xubilación que o réxime bolivariano rexeita pagar dende xaneiro de 2016.»*

PREGUNTAS:

1) ¿Foron tomadas pola Xunta de Galicia as medidas necesarias para dar cumprimento á resolución adoptada polo Parlamento de Galicia o día 4 de outubro de 2017?

2) ¿Foi comunicada a problemática deste colectivo ó Goberno Central, para que adopte tódalas medidas precisas para emendar esta situación que abrangue varios organismos como a Seguridade Social, instando á mesma a acatar a posición do Tribunal Supremo e do TSXG, que se reafirma na última sentenza na Sala do Social, do pasado 16 de marzo do presente ano?

3) ¿A nivel autonómico; foron emprendidas medidas paliativas urxentes, de forma provisional, para recoñecer a dependencia económica destas persoas, e tramitar unha dotación orzamentaria extraordinaria ou similar que permita soportar a grave situación deste colectivo?

Ciudadanos Galicia
Avenida de Ferrol, 5. 15701 - Santiago de Compostela
galicia.accion.institucional@ciudadanos-cs.org

Núm. .....

03 SET. 2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

03 SET. 2018

Núm. 35635

Cs Galicia

En Santiago de Compostela a 3 de setembro de 2018

Olga Louzao Aldariz
Portavoz en Galicia de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Doña Olga Louzao Aldariz

Portavoz de Ciudadanos en Galicia

Ciudadanos Galicia
Avenida de Ferrol, 5. 15701 - Santiago de Compostela
galicia.accion.institucional@ciudadanos-cs.org

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:19
Nº Rexistro: 35645
Data envio: 03/09/2018 11:19:31.842

PARTICIPACIÓN POPULAR
NO CONTROL AO GOBERNO

WWW.LIBERAONG.ORG FONDATION FRANZ WEBER

PREGUNTA SOBRE A POSTURA DA XUNTA DE GALICIA AO RESPECTO DA PROHIBICIÓN DE USO, QUE NON DE COMERCIO, DOS COLARES DE DESCARGAS ELÉCTRICAS PARA ANIMAIS

A xa coñecida popularmente como Lei de Benestar Animal de Galicia introduciu algunhas importantes novidades para protexer de maneira efectiva aos animais de prácticas cruentas e innecesarias, como o adestramento e control de cans e gatos cos sádicos colares de descargas eléctricas.

O seu uso, segundo o texto normativo, constitúe unha infracción de carácter grave, con multas de ata 5.000€ e a posibilidade de sancións accesorias, como a inhabilitación para a tenza de animais por un máximo de cinco anos, máis a realidade amosa unha continuada e variada oferta destes aparellos perigosos a través de internet, máis tamén de coñecidas superficies comerciais deportivas.

E por iso que preguntamos:

- Ten previsto a Xunta de Galicia algunha medida legal para atacar de xeito efectivo o emprego de colares de descargas, na líña dos vetos de Escocia, Alemania ou Suecia?
- É consciente a Xunta de que fai falla unha campaña para fomentar as denuncias por este tipo de aparellos no país?
- Cantas denuncias ten tramitado polo uso de colares de descargas ou de aforcamento dende a entrada en vigor da norma?

Firmado por PEREZ SUEIRAS, RUBEN (FIRMA) el día 03/09/2018 con un certificado emitido por AC DNIE 003

Asociación Animalista **LIBERA!** | www.liberaONG.org
Carrer d'En Roig 18 | 08002 | Barcelona | Spain | Tel. 93 142 62 67
Delegación Galicia: Tel. 606 53 05 70 | galicia@liberaONG.org

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:19
Nº Rexistro: 35645
Data envio: 03/09/2018 11:19:31.842

Asinado dixitalmente por:

PEREZ SUEIRAS, RUBEN (FIRMA) na data 03/09/2018 11:18:52

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:25
Nº Rexistro: 35646
Data envio: 03/09/2018 11:25:57.521

PARTICIPACIÓN POPULAR
NO CONTROL AO GOBERNO

WWW.LIBERAONG.ORG
FONDATION FRANZ WEBER

PREGUNTA SOBRE OS ESTUDOS QUE INDICAN QUE OS CANS DE CAZA PODEN SER VECTORES DE TRANSMISIÓN DE ENFERMIDADES

Un traballo *(1)* da Universidade de Mediciña Veterinaria de Viena, Vetmeduni, amosa a posibilidade de que os cans empregados en cacerías sexan vectores de transmisión de enfermidades como a 'Tularemia', tamén coñecida popularmente como "febre dos coellos", evidenciando tamén outras denuncias realizadas en Inglaterra acerca do emprego de mandas de cans na caza e a súa influencia negativa sobre diferentes especies silvestres.

E por iso que preguntamos:

- Avaliou nalgún momento a Xunta o impacto dos cans de caza nos ecosistemas galegos durante a tempada de adestramento e caza?
- Ten coñecemento a Xunta dos estudos científicos que advirten sobre o impacto nocivo do uso de cans en batidas?
- Sabendo o descrito, pensa a Xunta tomar medida algunha?

Firmado por PEREZ SUEIRAS, RUBEN (FIRMA)
el día 03/09/2018 con un certificado
emitido por AC DNIE 003

1. https://www.vetmeduni.ac.at/en/infoservice/presseinformation/presse-releases-2018/hunting-dogs-as-possible-vectors-for-the-infectious-disease-tularaemia/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:25
Nº Rexistro: 35646
Data envio: 03/09/2018 11:25:57.521

Asinado dixitalmente por:

PEREZ SUEIRAS, RUBEN (FIRMA) na data 03/09/2018 11:25:00

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727